

# 64 MUJERES PROTAGONISTAS



elCorreoGallego

25/07/2022



Xacobeo 21-22  
Galicia



Ana Pastor Julián  
Vicepresidenta segunda  
del Congreso de los  
Diputados

## Galicia: identidad xacobeana y avance democrático

Resiliencia, gratitud, entusiasmo: no se me ocurren otras palabras para describir la actitud de los peregrinos que han vuelto a echarse al Camino de Santiago en número no sólo semejante a los que se registraban antes de la pandemia, sino incluso mayor. Con este Xacobeo prolongado, asistimos al fin del doloroso hiato que supusieron los años del COVID-19 en la curva ascendente que empujaban, desde 1970, cantidades siempre mayores de visitantes deseosos de abrazar al Apóstol. Transformada en un mensaje ancestral, la sede compostelana nos sigue invitando a retomar el camino y a conquistar las metas que debemos continuar persiguiendo con el optimismo y la responsabilidad de quienes nos sentimos comprometidos con la construcción de una sociedad mejor.

Seguramente no había en nuestros tiempos ningún autor que, como el gran historiador, tristemente fallecido, Fernando García de Cortázar, fuese capaz de sintetizar con tanto acierto, tanta brillantez y tanta belleza esa alianza entre nuestro pasado y nuestro porvenir: “La rosa de piedra gallega –dejó escrito en su imprescindible *Breve historia de la cultura en España– pronuncia la más clara afirmación de la leyenda y de la imaginación como origen de utopía y de esperanza*”.

La cita resulta esclarecedora porque a las raíces sagradas e inmemoriales de la identidad gallega se ha unido también, durante este Año Santo, la celebración del cuadragésimo aniversario del referéndum con el que nuestros ciudadanos pudieron asumir libre y voluntariamente los derechos y deberes vinculados a esa identidad. El 20 de octubre de 1981, el voto popular nos permitió dotarnos de un Estatuto de Autonomía y de unas instituciones destinadas a proteger y a promover, en el marco garantista de nuestra Constitución, la riquísima personalidad histórica, cultural, lingüística y social de Galicia, dentro de la empresa común que suscribía la nación española para caminar junta hacia los más altos y justos objetivos del desarrollo humano.

Los frutos de esa decisión constituyen hoy, también, un importante patrimonio de la sociedad gallega, representado por las conquistas y mejoras introducidas en esas 439 leyes que ha aprobado nuestro Parlamento autonómico, y que la casa de todos los gallegos ha editado recientemente con el título de *Código Parlamentario de Galicia*.

La posibilidad de trabajar por

nuestra tierra y nuestra sociedad se ha traducido en avances muy importantes para todos los ámbitos de la vida en Galicia: desde la educación hasta la sanidad; desde la ciencia hasta la cultura; desde el emprendimiento hasta la inclusión. Y no puedo dejar de poner un énfasis muy señalado en los progresos que hemos conseguido en materia de igualdad entre hombres y mujeres.

No debemos perder de vista que, durante la primera legislatura, nuestro Parlamento autonómico contaba únicamente con tres mujeres diputadas: hoy, esa cifra se eleva hasta 40 de los 75 escaños que conforman la Cámara; de modo que la presencia femenina supone el 53,3% de la representación política de los gallegos.

Pero esos logros no se limitan a la esfera de lo político, sino que se

**Transformada en un mensaje ancestral, la sede compostelana nos sigue invitando a retomar el camino y a conquistar las metas que debemos continuar persiguiendo con el optimismo y la responsabilidad de quienes nos sentimos comprometidos.**

flejan también en aquellos sectores de la sociedad que, afortunadamente, los ciudadanos deben poder explorar y desarrollar con la fuerza de su iniciativa. Así, debemos felicitarnos porque, en 2021, la Estrategia de Economía Social de la Xunta de Galicia superó uno de sus más importantes objetivos: que la mitad de las personas socias promotoras de cooperativas fuesen mujeres. Alcanzamos el 50,79%: un 13% más que lo que había en 2019.

Por supuesto, los preciadísimos avances que hemos conseguido no deben verse como una invitación a dormirmos en los laureles, sino a seguir trabajando –máxime cuando sabemos que no son pocos los problemas que se abaten sobre el mundo y sobre la España de hoy. Pero la historia de nuestros aciertos democráticos y sociales debe renovar la fe en todo aquello que podemos conseguir juntos con ese sentido de la solidaridad y de la generosidad tan distintivo de los gallegos; un sentido que, desde hace siglos, nos lleva a proclamar al mundo que el tesón y la buena voluntad reciben siempre su recompensa.

Es, pues, el momento de recuperar ese mensaje, ahora que –como decía Cunqueiro– “*el camino ha despertado de un largo sueño, y otra vez se escuchan, como antaño, las voces de las naciones*”.



Xacobeo 21-22  
Galicia



Nadia María  
Calviño Santamaría  
Vicepresidenta primera  
y ministra de Asuntos  
Económicos y  
transformación Digital

## Abuelas, madres e hijas, mucho que aportar

Quiero felicitar a EL CORREO GALLEGO por un año más visibilizar a las mujeres este 25 de julio, en el Día grande de Galicia, una tierra en la que las abuelas, madres e hijas han tenido, tienen y tendrán mucho que decir y aportar. Mujeres como Rosalía de Castro, Emilia Pardo Bazán, Concepción Arenal, María Pita o Isabel Zenda son sólo unos pocos ejemplos de las mujeres gallegas que han tenido un papel protagonista en la historia, sirviendo de inspiración para nuestra generación actual y las venideras.

El cambio en el papel de la mujer en la economía, las empresas, la política y la sociedad es, sin duda, uno de los grandes logros de estos más de 40 años de democracia nuestro país, que se ha posicionado entre los que lideran claramente la igualdad de género en el mundo. Se ha ido cerrando la brecha de actividad, ocupación y salarial y las mujeres hemos aumentado nuestra participación en los puestos directivos y órganos de administración de las empresas.

Para no hablar de la participación en el ámbito político, ilustrada por el hecho de que España tenga tres vicepresidentas en el gobierno y se posiciona entre los países más avanzados en este terreno, sólo por detrás de Suecia, Dinamarca y Finlandia en muchos rankings.

**España es un país líder en todas las políticas de igualdad, con una sociedad muy sensibilizada... porque una sociedad más igualitaria es también más justa y ese es el camino del progreso.**

LA IGUALDAD DE GÉNERO ha estado en el centro de las políticas públicas desde 2018, con resultados ya visibles, pese a las dificultades derivadas de la pandemia y ahora del injustificado ataque de Rusia a Ucrania. La equiparación total de las prestaciones por maternidad y paternidad en 16 semanas, las reformas orientadas a garantizar la igualdad retributiva en las empresas y el entorno laboral, el aumento de la escolarización de 0-3 años, el incremento del Salario Mínimo Interprofesional en más de un 30% en los últimos tres años, hasta los 1.000 euros, el alza de las pensiones mínimas y de viudedad o el ingreso mínimo vital, son medidas que benefician en mayor medida a las mujeres.

Como sucede también con la reforma laboral, que está mejorando las condiciones de trabajo, sobre todo de jóvenes y mujeres, con más empleo, más estable y de mayor calidad. Todo ello ha permitido una reducción importante de la brecha salarial, hasta el entorno del 16% en términos generales y del 6% en lo referido al trabajo a tiempo completo, situándose España por debajo de otros grandes países europeos como Francia o Alemania.

Construyendo sobre la base de lo ya logrado, el Plan de Recuperación tiene la igualdad de género entre sus ejes transversales, junto a la transición ecológica y digital y la cohesión social y territorial. Ya se han lanzado numerosos programas de inversión y reformas específicamente destinadas a mejorar la formación y capacitación de las mujeres, para garantizar la igualdad de oportunidades en el ámbito de la ciencia y en la nueva economía digital, para profesionalizar la economía de los cuidados e impulsar el emprendimiento liderado por mujeres.

NO PODEMOS DESAPROVECHAR el enorme talento del 50% de la población, por justicia social y también por razones económicas, ya que numerosos estudios estiman que el PIB de España podría aumentar entre un 15% y un 18% si se cerrasen las brechas de género existentes. España es un país líder en todas las políticas de igualdad, con una sociedad muy sensibilizada en este sentido y las políticas públicas ya están dando sus frutos, pero queda camino por recorrer y es importante no perder el foco. Avanzando juntos, porque una sociedad más igualitaria es también más justa y ese es el camino del progreso.

Hoy, Día de Galicia, en Sabadell Gallego queremos poner en valor el sentidiño de nuestra tierra y desde Galicia, poner al servicio de su desarrollo, la experiencia y capacidad financiera de un gran banco internacional, Banco Sabadell.

### PARABÉNS GALICIA!

*Banco Sabadell, entidad colaboradora del Xacobeo 21-22*





Xacobeo 21-22  
Galicia



Ana Pontón Mondelo  
Portavoz nacional  
do BNG

# Con orgullo do noso

Estamos ás portas dun novo 25 de Xullo, un Día da Patria que celebraremos no medio de moitas incertezas, nunha situación de extrema complexidade, cunha guerra ás portas das nosas casas, coa maior crise de prezos en corenta anos e con graves problemas tanto dentro como fóra das nosas fronteiras.

A realidade demostra que o mito ilustrado do progreso continuo non se cumpre e que os avances non son irreversibles, nin en dereitos, nin en liberdades, nin en calidade de vida. Unha guerra en Europa? Aí está de novo; e mesmo temos os gobernos de potencias europeas como Francia ou Alemaña falando de economía de guerra. Que as mulleres poidan decidir cando ser nais? Aí está a Corte Suprema dos EEUU botando por terra un dereito que pensábase consolidado. Que unha xeración ía vivir mellor que a anterior? Aí temos á mocidade, aspirando a unha emancipación como a que si tiveron os seus pais e nais cando non existía o concepto de mileurista nin os traballadores e traballadoras pobres.

As familias, a clase traballadora, as persoas autónomas, as pequenas e medianas empresas que sosteñen a maior parte do emprego, afogadas por unha espiral inflacionista sen que os Gobernos nin o galego nin o estatal poñan en marcha medidas eficaces para paliar o impacto da subida prezos.

E todo isto nun marco legal feito á medida do lobby eléctrico polo PP, que se mantén intacto co Goberno de PSOE, sen que o bipartidismo estatal sexa capaz de tocar os privilexios das eléctricas, empezando por subirlle os impostos a unha presa de multinacionais que se están forrando a costa de especular cun ben básico como a enerxía, beneficios obscenos a costa da maioría social. E avanzando en mudanzas estruturais que acaben cos beneficios caídos do ceo e apostando porque os galegos e galegas nos beneficiemos dunha tarifa eléctrica máis barata, para compensarnos polos custos sociais e ambientais.

Pero hai alternativas, como as que está poñendo sobre a mesa o BNG. Por exemplo, tomar medidas inmediatas para axudar a quen peor o está pasando co descontrol do IPC, empezando por subir

o complemento autonómico das pensións non contributivas, incrementar a RISGA e facela compatible co ingreso mínimo vital, aumentar as axudas para gastos básicos de vivenda, que están disparados sobre todo pola factura da luz. E propoñemos mobilizar 700 millóns de euros para axudas ás PEMES, ás persoas autónomas e ós sectores produtivos máis impactados. Só un dato, o ano pasado deixáronse sen investir mil millóns de euros dos orzamentos públicos en Galiza.

Estamos, insisto, nun momento difícil, cunha crise que está empobrecendo á maioría social. Ao que se engade un deterioro alarmante dos servizos públicos, en particular a sanidade, cun aumento de listas de espera mesmo para ir ao médico ou médica de cabeceira, un "logro" do Goberno do PP tras trece anos de recortes e privatizacións. Por iso, desde o BNG propoñemos un plan de choque de 200 millóns de euros para sacar atención primaria do colapso.

Non se pode seguir buscando culpables, senón que toca aportar solucións, que pasan por dotar de máis recursos o sistema público de saúde, que pasa por poñer fin a precariedade que fai que, por exemplo, de media o 50% das e dos médicos que realizaron o MIR en atención primaria decidan non traballar nese ámbito.

E que dicir do coidado das persoas maiores, nun sistema de residencias totalmente privatizado e sen que, tras trece anos, se teña construído nin unha soa residencia pública. Desde o BNG propoñemos un cambio de modelo no que se garanta o dereito a unha velez digna, sabemos que non é posible facelo dun día para outro canto temos o 85% das prazas privatizadas, pero un primeiro paso é que as sete residencias proxecta-

das nas cidades sexan de xestión pública.

En vésperas da celebración dun novo 25 de Xullo vemos que nada se avanzou para corraxir a crise demográfica que soporta Galiza, cada vez somos menos, porque a xuventude emigra, -máis de 200.000 na última década-, e cun medio rural no que medra a despoboación e o abandono, pero non se pode construír unha Galiza con futuro sen contar co 90% do noso territorio.

Estamos nun mundo en constante evolución, con retos e transformacións ás que debemos facer fronte, e para iso precisamos de novas ferramentas, un novo status político que nos permita decidir sobre o noso. E precisamos apostar por un país produtivo, pola ciencia e pola innovación, para avanzar nun modelo económico baseado no coñecemento, sustentable, capaz de xerar riqueza e empregos pero desde o respecto ao territorio e ao medio ambiente.

Un ano máis, convido a participar na celebración do Día da Patria a todas as persoas que queren unha saída xusta da crise, a todas as que levan Galiza na cabeza e no corazón, porque hai moitas maneiras de sentirse galego, de sentirse galega e todas son necesarias para construír a Galiza con futuro que desde o BNG aspiramos a liderar, desde a humildade, pero con toda a ambición de País.

A celebración deste 25X coincide co 40 aniversario do Parlamento galego, a casa de todos os galegos e as galegas, moito cambiou Galiza nestas catro décadas, mais hai algo que non mudou: somos unha nación con lingua e cultura propias, cunha idiosincrasia que nos fai diferentes e únicas. Nin mellores, nin peores. Simplemente galegas e galegos. Plurais, con conciencia nacional e con orgullo do noso. E desde ese orgullo, animo a todos e a todas a conmemorar este Día da Patria, sabendo que son moitos os retos que temos por diante, pero sabendo tamén que somos un gran País con xente honesta e traballadora capaz de gañarnos o futuro.

**A celebración deste 25X coincide co 40 aniversario do Parlamento galego, a casa de todos os galegos e as galegas, moito cambiou Galiza nestas catro décadas, mais hai algo que non mudou: somos unha nación con lingua e cultura propias, cunha idiosincrasia que nos fai diferentes e únicas.**

EXPERIENCIA  
SEGURIDAD  
DIFERENCIACIÓN

CAMINO DE SANTIAGO

CIRCUITOS CULTURALES

GRUPOS NACIONALES E INTERNACIONALES

INCOMING

VACACIONES EN FAMILIA, PAREJA O CON AMIGOS

EVENTOS (MICE)

\* Consulta en tu agencia de viajes

viajes  
**interRías**

HOTELES EN PROPIEDAD

Hotel Nuevo Astur Spa  
★★★ SUP

Hotel Carlos I Silgar  
★★★★

Gran Talaso Hotel Sanxenxo  
★★★★

Siempre Contigo



**GARABAL**  
INSTALACIONES

- |                 |            |             |
|-----------------|------------|-------------|
| MANTENIMIENTO   | SOLAR      | FONTANERÍA  |
| CONTRAINCENDIOS | GAS        | AACC        |
| CALEFACCIÓN     | INGENIERÍA | VENTILACIÓN |

☎ 981 521 447  
🌐 [www.calefaccionesgarabal.com](http://www.calefaccionesgarabal.com)

RÚA DOS CARAVEIS, 10, VIDÁN  
15706, SANTIAGO



**PYME del año**  
de A Coruña 2020

Otorgado por la Cámara de Comercio de España, las de A Coruña y Santiago y el Banco Santander.



Expertos en la fabricación de papel *desde 1810*



**NATURAL – RECICLABLE – BIODEGRADABLE – COMPOSTABLE**

Brandia fabrica papel kraft blanco/colores MG (machine-glazed) satinado a una cara con la posibilidad de producir un amplio rango de gramajes y con diferentes acabados para su procesado, impresión o transformación industrial.



- Alta calidad • Idóneo para la fabricación de bolsas y embalajes • Alternativa sostenible y respetuosa con el medio ambiente • Flexibilidad y rápida respuesta adaptada a las necesidades del cliente

La industria papelera y el consumo de papel ayudan a conseguir un entorno más saludable y sostenible. Toda la madera que utilizamos proviene de plantaciones con producción controlada y sostenible. Papelera de Brandia contribuye al desarrollo del medio rural y al mantenimiento del nivel de vida de sus habitantes. Trabajamos por y para un mundo mejor.



📍 Paseo da Amaia, 2 • Santiago de Compostela 📞 981 52 21 33 🌐 [www.brandia.com](http://www.brandia.com)



Xacobeo 21-22  
Galicia

# Igualdade de xénero dixital. Non camiñas soa



Dolores  
Fernández Galiño  
Valedora do Pobo

O Camiño de Santiago vaise dixitalizando paulatinamente. Hai case dous anos, este xornal anunciaba a posta en marcha pola Catedral dunha App para obter a credencial dixital do peregrino: a Compostela dixital. Desde o ano pasado xa é unha realidade e recentemente coñecemos tamén por este medio o proxecto *Non camiñas soa* que consiste noutra App para denunciar inmediatamente calquera episodio de violencia contra as peregrinas.

A dixitalización do Camiño de Santiago, da que poderíamos poñer máis exemplos, é un proceso imparabile que facilita o percorrido ata a Catedral compostelá de todas as persoas que desexen completalo, en particular as mulleres. Tamén foron obxecto de especial atención por este xornal as peregrinacións de mulleres no decurso da Historia a través da serie “Abrandaes na Ruta Xacobeá”, nunha liña de investigación que inaugurou, anos atrás, a medievalista Marta González.

O número de peregrinas está a medrar nos últimos tempos e en 2019 xa superaba ao de peregrinos. Este progresivo crecemento que foi interrompido durante a pandemia –esperemos que só ocasionalmente– manteráse en anos vindeiros ata consolidar, como é de desexar, unha representación equilibrada de ambos os sexos.

Procesos onde conflúen a dixitalización coa maior participación das mulleres na vida pública non son privativos do Camiño de Santiago. Tamén neste ca-

so son reflexo da sociedade e dos valores imperantes en cada momento.

A dixitalización é un reto ao que nos enfrontamos como sociedade e afectará a todos os aspectos das nosas vidas. En principio, dixitalizar non é máis que transformar os datos, os obxectos e os procesos analóxicos en datos, obxectos e procesos dixitais.

A dixitalización non só afecta á produción económica, afecta a todas as facetas das nosas vidas, en particular ás relacións laborais. Estamos a asistir a un incremento do teletraballo, á implantación de mecanismos de vixilancia laboral ata hai pouco impensables, ou á utilización da intelixencia artificial na xestión dos recursos humanos, xurdindo, por mor diso, a necesidade dunha protección dos dereitos dixitais das persoas traballadoras.

As mulleres están a ser especialmente implicadas neste fenómeno de dixitalización. Por unha banda, están a asumir traballos dixitalizados como o xa citado teletraballo ou nas oficinas dixitais, situacións que –de non implantarse ben a dixitalización– pode atalar a traballos pre-

carios. Doutra banda, sofren dificultades de acceso ás contornas tecnolóxicas por mor da súa propia situación na sociedade; e así estamos perante unha fenda dixital de xénero.

Resulta moi necesario que neste proceso de dixitalización non se esqueza nunca o enfoque de dereitos humanos. A dixitalización da economía non é un fin en si mesmo, senón un instrumento para o progreso da Humanidade. En particular, a situación das mulleres debe estar considerada no proceso de dixitalización para superar as barreiras a que se ven sometidas e acadar a igualdade de xénero dixital.

O Camiño de Santiago, como xa se dixo, é reflexo da sociedade e os valores imperantes en cada momento. No actual reflíctese tanto o proceso de dixitalización, como a progresiva incorporación das mulleres en igualdade cos homes en todos os aspectos da vida. Ambos os fenómenos están interactuando de maneira positiva co Camiño de Santiago posibilitando que, grazas ao progreso dixital, mulleres e homes poidan satisfacer en igualdade a súa alta aspiración de concluílo.

**A dixitalización da economía non é un fin en si mesmo, senón un instrumento para o progreso da Humanidade. En particular, a situación das mulleres debe estar considerada no proceso de dixitalización para superar as barreiras a que se ven sometidas.**

A nosa petición para ao Santo Apóstolo non pode ser outra que a consolidación desta realidade, tanto no Camiño de Santiago como en todos os aspectos das nosas vidas.

Feliz Día de  
Galicia

Solucións integrais para o ciclo completo da auga | [www.espinaydelfin.com](http://www.espinaydelfin.com)

edo  
ESPIÑA&DELFIN



## Feliz Día de Galicia

Hoxe, máis que nunca, estamos orgullosos desta nosa terra. Das súas paisaxes, da súa xente, dos seus negocios e das súas empresas. Hoxe temos moitas razóns para seguirmos festexando xuntos:

- Apoio ó 90% das pemes e autónomos galegos con distintas iniciativas. Entre elas, a creación dunha plataforma para que as empresas poidan beneficiarse das axudas procedentes dos fondos Next Generation Europe.
- Inversión de 2.900.000 euros nas 3 universidades públicas galegas.
- Proxectos solidarios, de voluntariado e inclusión que axudan ó progreso das persoas e da sociedade galega.

*Parabéns no teu día, Galicia.*



Xacobeo 21-22  
Galicia



Rosario  
Álvarez Blanco  
Presidenta do Consello  
da Cultura Galega

# Celebremos Galicia

Cando a Real Academia Galega decidiu escoller a figura de Florencio Delgado Gurriarán para centrar o recoñecemento de Galicia enteira neste ano 2022, xa eramos conscientes de que había moito máis detrás da figura do poeta de Córrego. Homenaxeabamos o poeta, o activista político e cultural, pero tamén a memoria dos exiliados e exiliadas republicanos que, coma el, pasaron de Galicia a México e que, organizados en conexión con outros transterrados da diáspora, contribuíron a manter aceso o facho da cultura galega e da nosa identidade durante a longa noite pedra.

Eles e elas, do outro lado do mar, formaron parte desa «única reserva que nos queda para reconstruír o fogar desfeito», en palabras de Castelao. A partir da súa figura prestamos atención ao exilio mexicano, invisibilizado e practicamente descoñecido para a maioría. Foi así como foron emerxendo outros legados que contribúen a entendérmonos un pouco máis. E disto mesmo trata o Día de Galicia, da celebración da nosa identidade e da nosa esencia.

Houbo un tempo en que a preocupación pola definición de Galicia prendeu na xeografía. Un matemático sublime, Domingo Fontán, percorreu durante tres anos cun teodolito para crear a base xeodésica sobre a que se elaborou o primeiro mapa da nosa terra.

Era, en palabras de Otero Pedrayo, o “verdadeiro rostro de Galicia”. O patriarca non foi o

único ao lle causou unha fonda impresión recoñecer o seu país en papel. Cunqueiro dixo nun artigo do *Faro de Vigo* (29-XII-1951) que a visión do mapa no corredor do seu instituto en Lugo foi “mi gran encuentro con mi país gallego: allí estaba mi tierra, la tierra de mi vocación y de mis días, la tierra temporal y la eterna”.

Castelao cita en *Sempre en Galicia* “para uns a Terra é o pequeno berce no que naceron: apenas un fermoso val (...).

Para outros, a Terra é tan grande que soamente alcanzan a vela no mapa de Fontán”. A representación gráfica foi unha descuberta espiritual e cultural de Galicia.

A Galicia que hoxe coñecemos vai máis alá da que Adrián Solvó podería sinalar co seu índice. Porque aínda que é ben certo que a Galicia territorial non se entende sen América, non é menos certo que Galicia está onde haxa galegos e galegas. Hai unha parte dela en cada un dos 147 países nos que hai emigrantes ou fillos e netos de emigrantes e, se cadra, outra tamén na Nube.

Unha Galicia infinda como un gran mosaico de pezas con características diferenciadas que

se integran nun conxunto unitario que recoñecemos como noso, como parte substancial do noso sistema cultural. Queda moito por coñecer e recoñecer en cada unha desas teselas, pero niso andamos.

No programa da institución que presido a acción exterior e a internacionalización da cultura, están entre os nosos obxectivos estratéxicos. En 2021 aprobamos un Plan de Acción Exterior

**En 2021 aprobamos un Plan de Acción Exterior que se concibe como un potente instrumento de divulgación da imaxe de Galicia: unha nación histórica con identidade propia e caracterizada pola presenza de galegos e galegas nos cinco continentes.**

que se concibe como un potente instrumento de divulgación da imaxe de Galicia: unha nación histórica con identidade propia e caracterizada pola presenza de galegos e galegas nos cinco continentes; unha comunidade política aberta ao mundo e que procura ampliar as relacións con outras comunidades e culturas; un país cunha longa tradición de acollemento, por ser porta de entrada e porta de saída; unha sociedade moderna que cultiva a tradición e defende a súa identidade diferencial sen por iso deixar de apostar pola innovación e polo diálogo e intercambio

con outras sociedades e culturas.

Hoxe é o Día de Galicia, da territorial e da espallada polo mundo, da real e da imaxinada, da Galicia que herdamos e da que labramos para o futuro, da Galicia que latexa no corazón e na memoria individual e colectiva de todos os galegos e galegas.

25 de xullo

**Día de Galicia**

**CAIXA RURAL  
GALEGA**

ruralvía

caixaruralgalega.gal

rvia

rvia  
pay

Trabajando desde Arousa para el progreso de toda Galicia,  
con corazón arousano y vocación atlántica.

Porto de Vilagarcía


#siempreatlado  
#semprecontigo



# JAEI JOYERIA

SANTIAGO DE COMPOSTELA - A CORUÑA

## — Feliz Día de Galicia —



Santiago | Xeneral Pardiñas, 7 | T. 981 576 895 | [santiago@joyeriajael.es](mailto:santiago@joyeriajael.es)

A Coruña | Compostela, 8 | T. 981 909 029 | [coruna@joyeriajael.es](mailto:coruna@joyeriajael.es)

[www.joyeriajael.es](http://www.joyeriajael.es)

 Xacobeo 21-22



Xacobeo 21-22  
Galicia



**Eloína  
Núñez Masid**  
Xerente área sanitaria  
de Santiago e Barbanza

# Pegadas de igualdade

O Día grande de Galicia, a Festa do Apóstolo Santiago, é unha data leda, reflexiva e motivadora para min. Á celebración únese, cada ano e grazas á iniciativa deste xornal, **El Correo Gallego**, a oportunidade de analizar aspectos relacionados co papel da muller na sanidade e na sociedade. Cumprir anos permítenos acumular máis experiencias e, no meu caso, ter máis inqedanzas neste eido, xa sexa como profesional sanitaria, ou como nai e agora, tamén, como avoa dunha nena.

Esta data trae á miña memoria o accidente do Alvia o 24 de xullo de 2013, un accidente que se recorda nos centros sanitarios compostelás con profundo pesar pola traxedia, e orgullo pola resposta de todos os profesionais, curando e coidando con absoluta xenerosidade. Xa van alá nove anos pero segue o recordo nos nosos corazóns.

Anos despois, a pegada da pandemia tamén volveu poñer en valor a humanidade da nosa profesión ante unha situación inédita. Grazas a todos os profesionais pola vosa entrega diaria.

Seguindo coas reflexións do papel da muller na sociedade, con motivo do 50 aniversario do falecemento de Clara Campoamor, que se celebra este ano, reparei na súa biografía e no que se leva camiñado sobre a igualdade durante cinco décadas.

Campoamor, unha das grandes figuras na loita pola igualdade e os dereitos da muller en

España, foi a principal conseguidora do sufraxio feminino que se logrou tras un debate parlamentario no ano 1931 e que se fixo efectivo dous anos despois.

Nese momento era habitual que a muller non puidera participar, e menos destacar públicamente, en ningunha esfera da vida pública que estaba reservada ao sexo masculino. As mulleres quedaban relegadas á esfera privada, ao fogar e ao coidado da casa, dos fillos e do esposo e ás que traballaron sufriron unha forte división sexual.

Un exemplo é Olimpia Valencia López, nada en Baltar, Ourense, que foi a primeira muller licenciada en Medicina de Galicia. Corría o ano 1925 e a súa especialidade foi xinecología pois non estaba ben visto unha muller coidando de homes...

A situación actual mudou moito, aínda así debemos seguir remando para que as novas xeracións vivan en espazos cada vez máis amplos de igualdade.

Se ben podo sentirme orgullosa de representar unha institución no que o 77% das/os profesio-

nais son mulleres (o 90% do persoal non sanitario, o 67% do persoal de enfermaría e o 58% do persoal facultativo é feminino) e está dirixida por unha muller, sei que non é o habitual.

Temos que seguir camiñando cara a igualdade: Por poñer algúns exemplos: as mulleres somos as que seguimos pedindo máis permisos para coidado de fillos e maiores.

As que sofren malos tratos e ás que máis lles custa chegar aos postos de responsabilidade das empresas.

Incluso os recoñecementos son maioritariamente masculinos. Unha mostra premio tan prestixioso nobel medicina, obtivéronno 12 mulleres fronte a 212 homes.

Eu creo na igualdade porque creo nas persoas. E tamén defendo a importancia de traballar para acadar esta meta co obxectivo de mellorar a demografía, porque sen nenos e nenas non hai futuro.

Creo e aposto pola igualdade como única opción para medrar como sociedade. En palabras de Clara Campoamor "só aquel que non considere á muller un ser humano é capaz de afirmar que todos os dereitos do home e do cidadán non deben ser os mesmos para a muller que para o home".

Feliz día de Galicia nai e soñadora.

**O 24 de xullo de 2013 trae á miña memoria o accidente do Alvia, que se recorda nos centros sanitarios compostelás con profundo pesar pola traxedia, e orgullo pola resposta de todos os profesionais, curando e coidando con xenerosidade.**



Xacobeo 21-22  
Galicia



**Elena  
Ampudia Aixendri**  
Decana do Colexio  
Oficial de Arquitectos  
de Galicia (COAG)

# O camiño do ben feito

O día grande de Galicia sérveme este ano, grazas a amabilidade de **El Correo Gallego**, para transmitir con rigor e entusiasmo o sentimento de orgullo que deberíamos ter pola Galicia que estamos construíndo entre todos. Construíndo no sentido literal da palabra, porque lles vou falar da arquitectura e o urbanismo galegos, as disciplinas nas que maiormente desenvolvemos a nosa profesión os arquitectos, colectivo ao que teño o privilexio de representar.

Levamos anos co run run do "feísmo", de que en Galicia se constrúe peor que no resto de España, e que estamos lonxe de compararnos co resto de Europa, que vaia chapuzas as que se ven polo noso territorio, que non respectamos o medio natural... En fin, unha serie de tópicos que fixeron efecto en nós creándonos un sentimento de culpabilidade arredor da nosa paisaxe e arquitectura. Pois dígolles que iso xa non é certo. Acreditamos anos traballando desde o COAG e as Administracións Públicas para cambiar as dinámicas, a forma de facer as cousas, e agora empezamos a colleitar os froitos.

O COAG, co apoio da Xunta de Galicia e outras institucións, leva 22 anos desenvolvendo un programa pioneiro, o *Proxecto Terra*, un programa que dá a coñecer ao alumnado de primaria e secundaria os espazos que habitamos e as ferramentas para o cambio cara un modelo de desenvolvemento sostible da arquitectura e o territorio. Esta mensaxe transmitida aos escolares, moitos deles adultos hoxe en día, callou fondamente e xa é parte inherente dos seus valores.

Por outro lado, dispoñemos dunha regulamentación sobre territorio, paisaxe e patrimonio que, se a aplicamos ben, conseguiremos que o desenvolvemento do noso territorio se realice dunha forma axeitada.

Os arquitectos proxectamos desde a sustentabilidade de medios, materiais e economía, é dicir, da maneira na que só é posible enfocar a arquitectura hoxe en día, unha arquitectura baseada nos valores da Declaración de Davos e da New European Bauhaus. O tempo deunos a razón. Cómpre a conservación do noso patrimonio construído, cómpre adaptar as nosas vivendas aos termos de habitabilidade, salubridade e confort actuais.

Debemos pensar, vivir e proxectar practicando as tres erres: Reducir, Reutilizar e Reciclar. Por fin a Administración decatouse da importancia desta mensaxe e está apostando por el a través das axudas á rehabilitación, axudas que por certo podían ter unha tramitación menos engorrosa, xa que o importante é conseguir renovar o noso patrimonio; pero lamentablemente, a maior parte destas tramitacións consisten en papeleo administrativo que non fai senón desistir ás persoas interesadas en acceder a elas.

Por outra parte, a propia Xunta está impul-

sando a calidade da arquitectura a través da tramitación da Lei de Arquitectura de Galicia, lei que pretende ser vangardista con respecto a outras aprobadas nesta materia, unha lei que co tempo nos permita conformar un mellor territorio. Entre tanto, redactan guías na que se nos di que materiais, cores e formas utilizar nos nosos proxectos. Agradecendo este interese, entendemos que non é necesario que nos fixen eses condicionantes.

O saber e esforzo dos participantes do proceso arquitectónico (promotor, construtor, directores de execución e proxectistas) reflíctense claramente nas obras de arquitectura e urbanismo que se realizan en Galicia, obras premiadas máis alá de Os Ancares e A Raia. Lembremos as pasadas edicións dos premios FAD, as Bienais Españolas e Iberoamericanas de Arquitectura e Urbanismo, e os premios de Arquitectura e Urbanismo do Consejo Superior de Colegios de Arquitectos de España (CSCAE), onde unha morea de obras proxectadas e executadas

en Galicia polos nosos colexiados foron finalistas ou premiadas.

Este mesmo mes entregáronse os Premios de Arquitectura do CSCAE, con 21 finalistas entre as máis de seiscentas obras presentadas, dous deles galegos e un gañador do Premio Sustentabilidade e Saúde: Valores universais. Galicia é un territorio onde pasamos do "ti vai facendo" ao "ben feito". Sigamos así, polo camiño do ben feito.

**Levamos anos co run run do "feísmo". Dispoñemos dunha regulamentación sobre territorio, paisaxe e patrimonio que, se a aplicamos ben, conseguiremos que o desenvolvemento do noso territorio se realice dunha forma axeitada.**



#bornelectric



# NUEVO BMW iX

## 100% ELÉCTRICO

**No es el poder de las palabras. Es el poder de la acción.**

El músculo de su tracción a las 4 ruedas completamente eléctrica, unido a la tecnología BMW Operating System 8 convierte a este modelo en una experiencia de conducción única. Prepárate para disfrutar de la libertad de sus 630 km de autonomía libre de emisiones. Únete al cambio y ven a conocerlo.

Consumo eléctrico WLTP en kWh/100 km (promedio): 19,3-21,4  
Emisiones de CO<sub>2</sub> en g/km (promedio): 0

**Amiocar**

C. Rua de Malta, 3  
Pol. Ind. Costa Vella  
Tel.: 981 56 96 80  
Santiago de Compostela

[www.amiocar.concesionariobmw.es](http://www.amiocar.concesionariobmw.es)



Xacobeo 21-22  
Galicia



**Marta González Vázquez**  
Diputada por A Coruña,  
coordinadora y  
portavoz adjunta del  
Grupo Parlamentario  
Popular

# Los caminos de Santiago, historia y patrimonio

El concepto de **patrimonio cultural** merece una pequeña reflexión. Vivimos en una sociedad que ha asumido que el **valor** se determina con parámetros económicos y que nuestro pasado histórico y cultural conforma un **patrimonio**, término también de carácter económico. El patrimonio es literalmente el legado compuesto por los bienes que pasan de padres a hijos. En el caso del patrimonio cultural, un conjunto de bienes culturales, artísticos, históricos, legados por nuestros antepasados, en un espacio y tiempo concreto. El valor económico de éstos es intrínseco desde el punto de vista histórico y cultural, pero también depende del beneficio que se extraiga de ellos. Es decir, tiene un valor económico concreto, pero otro añadido, más atractivo, que es la capacidad de extraer beneficios, un valor extra.

Una gran cantidad de metáforas del mercado se han trasladado al lenguaje político de la cultura. Sin duda este deslizamiento presupone que la cultura se puede y se debe entender en términos económicos, como fuente de beneficio, pudiendo también estar sujeta a las mismas reglas económicas. Pero no debe ser nunca el único enfoque posible. Porque la historia nos enseña que la cultura y la civilización tienen más que ver con el tiempo y con la paciencia, con la continuidad. El Camino de Santiago es un buen ejemplo de ello.

El mayor o menor valor del patrimonio cultural depende de la memoria, y de la pervivencia de esa memoria depende también nuestra mirada y nuestra memoria mayor o menor apreciación frente a ese patrimonio. La memoria necesita ser alimentada, puesto que es

un bien intangible, y por tanto sin valor económico aparente, que puede perderse en cuestión de pocas generaciones. Sin ella, que actúa como diferenciadora del territorio, como marca de identidad, el patrimonio pierde su característica singular.

Es evidente que en términos deportivos y de salud, o incluso de goce estético o cultural, da igual recorrer 100 kilómetros andando por el camino de Santiago que por las carreteras que discurren de Monforte de Lemos a Compostela: lo que diferencia a los caminos de Santiago es la sensación de formar parte de un todo armónico con la historia.

Miles de años han dejado trazas materiales e inmateriales en todos los rincones de Europa, y a veces, en muchos lugares conectados a un pasado común, que hoy forman parte de países diferentes.

El camino de Santiago fue el primer itinerario cultural europeo reconocido por el Consejo de Europa. Hay otros, pero ninguno tan exitoso como el primero.

Los caminos a Santiago, diseminados por todo el territorio europeo, fueron cruzados por millones de personas en un flujo ininterrumpido de actividad intelectual que ha dejado su impronta, ayudando desde su inicio a configurar **un ser europeo** cuyos rasgos con-

tinuamos discutiendo, pero del que no dudamos de su existencia. El descubrir esa impronta, el recuperarla, depende en buena medida de nuestro trabajo, como historiadores y también como políticos o legisladores. Es precisamente esa huella histórica y cultural la que enriquece el valor del camino.

La peregrinación y los valores que representa -la fe, la espiritualidad, la introspección, la fortaleza, la determinación, la identificación con un paisaje del que uno se apropia caminándolo, el descubrimiento exterior e interior, todos ellos aspectos que podríamos denominar personales e individuales- pero también el dinamismo que conlleva el viaje y la solidaridad para con todos aquellos a los que se conoce durante el camino, aspectos más colectivos o comunitarios. Rasgos todos ellos positivos que han hecho de los caminos a Santiago la ruta cultural más exitosa de todas las establecidas en Europa.

Entre los beneficios que aportan a los distintos territorios no se encuentran tan solo el dinamismo social y económico que generan, sino también aspectos de imposible cuantificación económica que tienen que ver precisamente con esos intangibles que mencionábamos: el intercambio cultural, la solidaridad, la apertura hacia realidades diferentes.

Esta dualidad tan extraordinaria, en delicado equilibrio, es la clave de su éxito y tenemos que ser capaces, más que nunca, de promoverla y también de preservarla.


**La cultura se puede y se debe entender en términos económicos, como fuente de beneficio. Pero no debe ser nunca el único enfoque posible. La historia nos enseña que la cultura y la civilización tienen más que ver con el tiempo y con la paciencia.**

**BBVA**  
Creando Oportunidades

## Feliz día, Galicia

Queremos caminar contigo hacia un futuro más **verde y sostenible**.





TERRAS GAUDA



Xacobeo 21-22  
Galicia



María Olga  
Alonso Suárez  
Deputada do PSOE  
por Pontevedra  
no Congreso

# Un camiño difícil

**D**urante séculos, a peregrinación a Compostela para postrarse ante a tumba do apóstolo Santiago o Maior, seguindo o Camiño de Santiago, foi unha viaxe con enormes riscos para o camiñante que, a pé, a cabalo ou a través do mar, tiña que enfrontarse a asaltantes, inclemencias do tempo, animais salvaxes, etc.

Pois ben, hoxe en día, en pleno século XXI, segue habendo moitos outros camiñantes que, para salvar as súas vidas, vense obrigados a desprazarse polos conflitos, as guerras, as persecucións, a pobreza, a fame, os fenómenos meteorolóxicos extremos como secas ou inundacións, etc.

E, deles, segundo estimacións de Unicef, hai uns 36,5 millóns de nenas e nenos desprazados dos seus fogares. Moitos cruzaron fronteiras internacionais en busca de maior seguridade ou de maiores oportunidades.

E agora, a guerra de Ucraína, que obrigou a máis de dous millóns de nenos a fuxir do país e a outros tres millóns a desprazarse internamente desde febreiro. É sen dúbida o maior movemento de refuxiados europeos desde a Segunda Guerra Mundial.

E todos e todas teñen que enfrontarse a graves perigos para o seu benestar e a súa seguridade. Sobre todo aqueles non acompañados ou separados que corren un maior risco de caer en trata, explotación, violencia ou abuso. Aproximada-

mente o 34% das vítimas de trata identificadas en todo o mundo son menores.

Temos moito camiño por percorrer. Paulo Coelho dixo que “Santiago non é o final do Camiño, senón o comezo”. Comecemos garantindo a seguridade e a protección da nosa infancia para que poidan seguir crescendo e aprendendo. A protección dos menores é unha obriga prioritaria dos poderes públicos, recoñecida no artigo 39 da Constitución Española e en diversos tratados internacionais. O ano pasado aprobouse a primeira lei integral para protexer á infancia e á adolescencia fronte á violencia.

Pero é que, ademais, a acollida ao peregrino constitúe un dos aspectos fundamentais da experiencia do camiño dende a Idade Media. Demos unha resposta solidaria, coordinada e unha actitude acolledora a todos os nenos e nenas que chegaron escapando da guerra de Ucraína. O goberno aprobou o novo regulamento de acollida de refuxiados. E aplicou unha nova Directiva de Protección Temporal. E as comunidades au-

tónomas e os concellos ofreceron aloxamentos, estruturas de coordinación e puntos de información. Todo moi necesario.

Mirko Badiale, escritor e filósofo italiano dixo: “En cada neno deberíase poñer un cartel que dixese: Tratar con coidado, contén soños”.

Ser refuxiado require adaptarse a novas realidades, a un novo país, a unha nova lingua, a unha nova casa, a un novo clima, a novos amigos. E é difícil porque a exposición á violencia pode ter efectos profundos na arquitectura cerebral, xerar problemas psicolóxicos e comportamentos de risco que comprometen o seu desenvolvemento físico, social, emocional e cognitivo.

Aínda que estes momentos son de grandes retos e desafíos, tamén presentan a oportunidade de repensar o futuro e facer cambios que beneficien ás novas xeracións.

Establezamos un camiño permanente de protección á infancia que garanta o seu pleno desenvolvemento.

Protexamos aos nosos nenos e nenas, protexamos a infancia que nos chega, fagamos un mundo mellor.

Invistamos na infancia, invistamos en facilitarlle o camiño polo que poidan construír unha sociedade máis xusta e máis equitativa.

**A guerra de Ucraína obrigou a máis de dous millóns de nenos a fuxir do país e a outros tres millóns a desprazarse internamente. É sen dúbida o maior movemento de refuxiados europeos desde a II Guerra Mundial.**

# Mulleres galegas para lembrar cada 25 de xullo



Xacobeo 21-22  
Galicia



Ana Prieto Nieto  
Deputada do PSOE  
por Lugo  
no Congreso

**H**oxe, 25 de xullo, Día de Galicia, quero lembrar a miña tía-avoa **María Prieto**, como homenaxe a todas as mulleres que, superando todos os obstáculos, dedicáronse e dedícanse á Ciencia en Galicia. Si, hoxe, no día grande de Galicia é un bo momento para lembrar a todas as mulleres que, dende a Ciencia, fixeron e fan Galicia, e facendo Galicia, fixeron e fan España. María Prieto, a irmá do meu avó, naceu o 9 de marzo de 1908. Estudou a carreira de Farmacia, coma min. Non foi nada fácil para ela. Tiña que ir a Facultade acompañada dunha muller, non podía ir soa, algo impensable e inimaxinable para as universitarias de hoxe en día, entre elas as miñas fillas. O meu avó si podía ir só á Universidade. A súa familia apoiouna; a súa nai, impulsouna a estudar. A miña tía-avoa revelou fronte ao destino que parecía definitivamente escrito para as mulleres, e tomou a decisión de estudar unha carreira de ciencias, para despois entrar no mundo laboral, tradicionalmente reservado aos homes. Un mundo onde mulleres como ela foron loitadoras e pioneiras. Reivindicaron os seus dereitos. Elas loitaron contra os estereotipos da súa época. Elas son exemplo e iluminan ás mulleres que seguen, que seguimos, o noso propio camiño.

En Galicia houbo e hai moitas mulleres intelixentes e brillantes. Onte, as pioneiras abriron o camiño; úneas ás científicas de hoxe a firme vontade de dedicar a súa vida a Ciencia. Lembrando a María Prieto, quero hoxe descubrir a algunhas de moitas que fixeron historia, para que todas brillen co-

mo as estrelas que namoraron a **Antonia Ferrín Moreiras**, química, matemática e farmacéutica. A primeira muller que defendeu unha tese sobre Astronomía en España. Foi expedientada polas súas ideas políticas. Lembro, como non, a **Isabel Zendal**, a primeira enfermeira nunha misión humanitaria. Na “Real Expedición Filantrópica da Vacina da Viruela” puxo en risco a súa vida para coardar dos nenos que actuaban como reservorios das vacinas na “Expedición Balmis”. Ata hai pouco esta enfermeira era apenas coñecida, pero a pandemia provocada pola Covid-19 e a campaña de vacinación contra esta enfermidade, descubriunos a Isabel. Lembro tamén a **Ángela Ruiz Robles**, unha ferrolá adiantada o seu tempo, que inventou en Ferrol o primeiro libro electrónico; non puido comercializalo porque ningún investidor creu nunha muller. De outra

ferrolá, **Ángeles Alvaríño**, pódese dicir que foi a científica galega máis destacada. Oceanógrafa recoñecida a nivel mundial, descubriu 22 novas especies de organismos mariños. Reivindicou o papel das mulleres científicas e a igualdade salarial entre mulleres e homes. **Olimpia Valencia**, de Baltar, foi a primeira muller licenciada en Medicina, con premio extraordinario e 19 matriculas de hon-

ra. Con moitas dificultades, polo seu sexo, abriu un consultorio de Medicina Xeral e Xinecoloxía en Vigo. Muller de esquerdas, participou nos actos públicos a favor do Estatuto de Autonomía do 36. Foi detida en 1937 e represaliada, acusada de galeguista. A farmacéutica **Manuela Barreiro**, nacida en Viveiro, foi a primeira muller en obter o Bacharelato en Galicia no Instituto de Segundo Ensino de Lugo. Foi a primeira muller licenciada na Universidade de Santiago de Compostela. Tivo que pedir permiso ao Goberno para matricularse, cando os homes matriculábanse libremente. E tivo que solicitalo para exercer a súa profesión na súa propia Oficina de Farmacia en Ribadeo. No diario “O Eco de Santiago” deron a noticia do seu excelente expediente e o “triunfo do feminismo”.

Todas as mulleres aquí citadas son pioneiras da Ciencia en Galicia. Ás galegas de hoxe quedanos moito camiño por percorrer na reivindicación dos nosos dereitos. É unha carreira de fondo. É unha loita contra o movemento reaccionario que percorre o mundo. É unha batalla contra o retroceso en dereitos fundamentais. Hai moitas mulleres derrubando muros, na ciencia e na vida. Entre elas lembro a María Prieto, porque nun tempo escuro fixo brillar a súa intelixencia e o seu valor. Coa intelixencia e valor das mulleres que se dedican á Ciencia, faremos de Galicia una terra na que cada día sexa o Día de Galicia.

**Onte, as pioneiras abriron o camiño; úneas ás científicas de hoxe a firme vontade de dedicar a súa vida a Ciencia. Agora, quedanos moito camiño por percorrer na reivindicación dos nosos dereitos.**

# PARA TODAS AS GALEGAS E GALEGOS DE SEU, BO DÍA!



**Vegalsa**  
 EROSKI

## GALICIA, TODO O ANO

30.000 familias galegas producen os alimentos que che ofrecemos cada día nas nosas tendas.

X21 22

EROSKI

Familia

Cash Record



Xacobeo 21-22  
Galicia



María  
Adrio Taracido  
Senadora do PSOE  
por Pontevedra

# Percorremos o Camiño todos os días

Este ano, Xacobeo, prorrogado con moito criterio polo Papa Francisco, vénme á cabeza a lembranza do “Camiño de Santiago” que tiveron a sorte de poder facer en agosto de 1993. A miña mellor viaxe, feita a pé dende Roncesvalles, coa mochila ao lombo, a que me encheu espiritualmente e me fixo valorar as cousas esenciais da vida, o ben máis preciado era a auga, e alí te das conta das penurias que atravesaba boa parte da humanidade nos países que escasea. No camiño valoras a solidariedade, e o silencio. Aquel camiño Universal, con xente tan diversa e de todas as partes do mundo, que comecei entristecida pola morte, o 17 de xuño, da miña querida irmá Beatriz e dediqueino a ela, pero que me deu forzas cada día que iba avanzando.

Pero na vida percorremos o camiño todos os días, para unhas persoas é moito máis difícil que para outras, as desigualdades entre uns países e outros son abismais, e dentro do mesmo país entre unhas e outras. Por iso é tan importante a solidariedade, a xustiza social e fiscal, quen máis ten que aportar máis, ademais de estar no ADN do meu partido, é un principio de humanismo e tamén de cristianismo. Estamos a vivir momentos de crise continua (pandemia, guerra de Putin contra Ucraína, catástrofes naturais provocadas polo cambio climático), e o noso Goberno non deixou de legislar en beneficio de todos os cidadáns e protexer aos sectores máis vulnerables. E todo iso a pesar da falta de sentido de Estado do prin-

cipal partido da oposición, que con todo o que están a pasar os cidadáns españois, en lugar de apoiar medidas que son boas para a cidadanía, vota en contra, porque só pensa nos seus réditos electorais.

Actualmente, vivimos un tempo convulso, os enganados, as descualificacións, impregnan máis na cidadanía, o ruído non nos deixa gozar dos silencios tan necesarios para unha boa reflexión. A iso contribúe o mal uso das redes sociais e o dano que conleva, as mentiras e falsidades que transmiten e que impregnan a unha determinada poboación, xeralmente a máis vulnerable e a máis desinformada. Ademais, os insultos e descualificacións cara as persoas das redes, tanto a nivel persoal como profesional, provocan problemas de saúde mental nos máis vulnerables, e mesmo en ocasións lévanos ao suicidio.

E todos estes comportamentos son producidos pola falta de valores nas persoas, é fundamental educar en valores de tolerancia, ensinando o respecto aos diferentes, inculcando os principios de liberdade, igualdade, fraternidade, xustiza social, co fin de acadar

unha sociedade máis xusta e tolerante. A diversidade enriquece, e o respecto nos une, somos mellores cando nos mesturamos, e saber escoitar é moi importante, así como o diálogo é fundamental.

Temo e preocúpame o retroceso que se está a vivir en moitas sociedades, a involución promovida por certos Partidos Políticos, negacionistas do cambio climático e os retrocesos nos dereitos, que fomentan o odio a quen é diferente, o odio prexudica a quen o exerce.

José Múgica, expresidente de Uruguai, no seu discurso de despedida no Senado, aos seus 85 anos de idade, afirmou: “O odio é cego coma o amor, pero o amor é creador e o odio destrúenos. Hai décadas que non cultivo o odio na miña horta porque aprendín unha dura lección que me impuxo a vida: ese odio acaba por enganarnos, fainos perder a obxectividade ante as cousas. Unha cousa é a paixón e outra é o cultivo do odio”.

Os dereitos adquiridos son un logro de calquera sociedade democrática e non podemos perdellos. Hai que educar en valores, é moi necesaria a ética, para ter unha sociedade máis xusta e tolerante, e disto temos que dar exemplo os políticos.

Este 25 de Xullo pídolle ao Apóstolo, Paz, liberdade, solidariedade, igualdade e tolerancia. Feliz día de Santiago, feliz día de Galicia!

**Na vida percorremos o camiño todos os días, para unhas persoas é moito máis difícil que para outras, as desigualdades entre uns países e outros son abismais, e dentro do mesmo país entre unhas e outras comunidades.**



Xacobeo 21-22  
Galicia



Rosa María  
Arza Rodríguez  
Senadora del Partido  
Popular por Lugo

# Unha nova mirada sobre a muller rural

Un ano tan especial como o Xacobeo; e, máis aínda, nun Xacobeo tan especial como o de 2022, no que recuperándose da pandemia Galicia está a recibir centos de miles de peregrinos e visitantes, temos a obriga- ción de poñernos en valor e tratar de mirarnos, por unha vez, como nos ven desde fóra.

Galicia é paisaxe, é natureza, é patrimonio, é cultura, é gastronomía, é montaña e mar, é choiva e é sol. Pero, sobre todo, Galicia son as súas xentes. E cando unha persoa vén a esta terra por primeira vez e coñece un pouco aos seus habitantes e os seus costumes, dáse conta da importancia que as mulleres teñen nesta comunidade.

Sen dúbida hai dous sectores que son fundamentais na nosa economía e na nosa cultura, e ningún deles sería o que é sen as mulleres, aínda que en ocasións non lles damos o protagonismo e o valor que merecen: trátase do mar e do rural.

Do mar coñecemos menos, pero do rural algo se, xa que nacín no concello de Folgoso do Courel e creime en Quiroga, no territorio Xeoparque Montañas do Courel, rodeada de mulleres fortes, resilentes e empoderadas.

Como a miña avoa, Amalia, que tivo que emigrar deixando á miña nai aínda moi pequena ao coidado das súas tías, Elisa e Mercedes. A miña avoa Amalia volveu, e as tres irmás permaneceron na súa terra ata o momento do seu falecemento, a pesar das dificultades.

As mulleres son o motor do rural e desempeñan un papel fundamental a todos os niveis: como piar das familias, á hora de emprender, executando todo tipo de traballos indispensables para a sociedade ao completo, contribuíndo á economía de mil maneiras diferentes, como sostén emocional...

Con todo, cada vez hai menos mozos no rural e, de feito, o número de mulleres que abandona o medio rural duplica o dos homes.

Este feito débemos preocupar xa que, se as mozas abandonan a súa terra, non só careceremos de substitución xeracional para levar a cabo o inmenso labor que estas mulleres efectúan, senón que ademais a natalidade caerá aínda máis e os nosos pobos e aldeas converteranse en desertos poboacionais. É máis, sen elas, a nosa terra quedaría erma, baleira, apagada... porque, se o rural perde ás súas mulleres novas, que nos quedará dentro de 10, 20 ou 30 anos?

Pero non podemos pedir milagres e esixirilles a estas mozas que queden na súa terra a calquera prezo.

**Galicia son as súas xentes. E cando unha persoa vén a esta terra por primeira vez e coñece un pouco aos seus habitantes e os seus costumes, dáse conta da importancia que as mulleres teñen nesta comunidade.**

Eu mesma coñezo de primeira man as dificultades que conleva quedar a vivir nun pobo do interior de Lugo: ver como a maior parte das miñas amigas e coñecidas terminan marchándose, o complicado que é viaxar, o difícil que o teñen as emprendedoras...

Por tanto, comprendo perfectamente ás que se marchan, e desde logo entendo ás que, como eu, deciden quedar.

Así pois, leste é un reto que debemos encarar de fronte, sen complexos, facendo fronte á débeda que historicamente temos coas mulleres que viven no rural e poñendo todas as ferramentas ao alcance das mozas que aínda hoxe seguen habitando en núcleos escasamente poboados.

A capacidade de supervivencia da muller rural e a súa contribución a todos os sectores económicos que coexisten nestes territorios resulta innegable, e é por iso que debemos renderlles debida homenaxe e tributo.

Por iso, especialmente hoxe, no Día de Galicia, gustaríame que pechásemos os ollos e tratásemos de ver a nosa terra e ás nosas mulleres do rural como as ven os que nos visitan: fortes, valentes, loitadoras e resilentes.

Polas mozas do rural, e por todos nós, poñámo- las en valor e, sobre todo, poñámo- las máis fácil.





## BIACEM®

### CEMENTOS DE BAJO IMPACTO AMBIENTAL

En el momento actual, en el que escasean los valores cotidianos, es cuando realmente destacan las personas o compañías con arraigo tradicional, donde el respeto por los demás, por la familia y el medioambiente se convierten en principios inestimables e irrenunciables.

Masaveu Industria lleva fabricando cemento en España desde hace más de 120 años, dando prioridad a tales valores y manteniendo su compromiso con las futuras generaciones.

Por ello, incorpora al mercado y pone a disposición de sus clientes una gama de cementos de Bajo Impacto Ambiental, BIACEM, desarrollados en el Centro de Investigación Elías Masaveu, para colaborar con una sociedad cada vez más preocupada por su entorno y permitir una construcción más sostenible.

**Bajo esta premisa hemos creado la marca BIA.**



**III/A 42,5 N/SRC**

↓ **56% CO<sub>2</sub>**

**CEM III/B 32,5 N-SR**

↓ **74% CO<sub>2</sub>**

**CEM V/A (S-V) 32,5 N**

↓ **66% CO<sub>2</sub>**

Datos calculados por metodología de Análisis de Ciclo de Vida (ACV) y comparados con un cemento tipo I medio europeo (datos CEMBUREAU).

**MASAVEU • INDUSTRIA**

Argüelles 25. 33003 Oviedo. T. 985 98 11 00

[www.cementostudelaveguin.com](http://www.cementostudelaveguin.com)



Xacobeo 21-22  
Galicia



**Carmen Pomar Tojo**  
Doutora en Psicoloxía  
e Parlamentaria  
autonómica

## Ser para estar

Lugar, unha palabra que na idiosincrasia galega gozou de grande importancia noutras épocas. Aquelas épocas nas que o termo transcendía a máis literal denotación para tomar sentido asociando o parámetro máis físico a condicionantes afectivos, laborais e familiares, referíndose ás raíces máis fondas da nosa existencia. Lugar como elemento chave na identificación, na formación de referentes, no desenvolvemento socioemocional, nas interaccións con iguais, na formación de vínculos e no fortalecemento da personalidade.

Os lugares ocupan espazos físicos pero, lonxe de reducirse a isto, os lugares ocupan, tamén, un tempo e non só un tempo real senón un tempo na memoria e, aínda máis, un tempo no imaxinario persoal e colectivo.

Os lugares contan historias, dos que veñen, dos que van, dos que quedan. Os lugares son escenarios de evolución, de cambios e de mudanzas. Os lugares marcan, pesan, ilusionan e transforman. Os lugares forman parte das nosas vidas se somos quen de darlles entrada, se somos quen de recrearnos neles, mais quedan alleos cando non os recoñecemos, cando borramos deles a nosa pegada, cando fuximos non só co corpo senón co espírito.

Hoxe, no día do Apóstolo, no día de Galicia, permítanme que poña en valor o meu lugar, Compostela. Cidade única, referente e universal, cidade que está pero que non sempre é. Reflexiono, a raíz do meu afán de asociar acontecementos que se sobre-

poñen cronoloxicamente e que, máis a miúdo do que pensamos, se relacionan entre si, reflexiono, dicía, sobre a diferenza entre o ser e o estar; accións, estas, que semellan complementarias pero que non sempre coinciden. Pode parecer inverosímil a posibilidade do ser sen o estar, pero o que cada día resulta máis frecuente é o risco de estar sen ser. Pois ben, como nativa, veciña e admiradora de Santiago, trato, cando podo, de pasear polas súas rúas, deixarme levar polos seus sons, desfrutar co recender dos seus parques e sentir a maxestuosidade inerte das súas pedras.

Levándome todo isto, cada día con máis inquedanza pero nunca con resignación, a contemplar como, pouco a pouco, se lle arrebatara a súa condición de ser para que, simplemente, estea, cal espectadora ou actriz de reparto que anísia a súa oportunidade de converterse en protagonista do guión.

Certo é que ao visitante, peregrino, viaxeiro, camiñante, turista, a chegada resúltalle plena de satisfacción, chea de gozo e de enerxía, ante as expectativas colmadas, ante os logros obtidos, ante as metas acadadas, despertando nel, incluso, ansias por voltar axiña. Pero, preguntome, que pasaría se esa per-

soa de fóra, allea á vida cotiá desta cidade, da súa rutina, das súas dinámicas, ficase nela por meses, por anos, por décadas e puidese contemplar a súa deterioración, a súa conversión nunha sorte de parque temático, o seu permanente disface abufonado tras a máscara do entretemento superficial.

Reivindico, desde estas páxinas, unha cidade que sexa, o desexo dunha cidade que non se alimente, exclusivamente, do pasado, que aproveite o presente e que constrúa un futuro, para os que vivimos hoxe nela e para os que vivirán nela mañá. Unha cidade que fusione con orde, unha cidade que potencie os seus recursos, sen medo pero con respecto, sen mediocridade pero con prudencia, sen conformismo pero con memoria, sen estridencias pero con ambición.

Santiago merece máis, mereceu todo, Santiago precisa coidado e atención desde dentro, desde o sentimento, desde a reflexión, desde a proxección centrífuga, desde a análise serea. Santiago debe abrir horizontes, nunca pechalos, porque Santiago ofrecerá máis canto máis teña, de dentro cara fóra, non só de fóra cara a dentro.

Apelo, desde esta ventá aberta ao mundo, a novos aires para Compostela, aires frescos, aires descontaminados, aires de cambio que confirmen, desde o noso lugar, que hai cidade e, polo tanto, que hai esperanza para volver ao ser.

**Os lugares forman parte das nosas vidas se somos quen de darlles entrada, de recrearnos neles, mais quedan alleos cando non os recoñecemos, cando borramos deles a nosa pegada, cando fuximos non só co corpo senón co espírito.**



Xacobeo 21-22  
Galicia



**Mercedes Queixas Zas**  
Deputada do BNG  
no Parlamento

## Dereito á cultura. Dereito ao futuro

A cultura galega representa un sector estratéxico para o desenvolvemento social e económico de Galiza. A pandemia da covid-19 puxo en evidencia as debilidades do sistema e a necesidade de impulsar mudanzas estruturais para lles facer fronte.

A crise sanitaria repercutiu con grande impacto no noso ecosistema cultural ao partir dunha situación de enorme febleza e precariedade que debilitou aínda máis as estruturas profesionais da cultura galega, maiormente representadas por autónomos, micropemes e cooperativas sociais.

Malia todo, no camiño da recuperación dous anos despois, a cultura galega volve amosar que a súa principal fortaleza reside na capacidade, no talento e na ilusión que seguen a soste o pulso vital a través das diferentes expresións creativas.

A cultura é un dereito. Por iso precisa do compromiso decidido do goberno como promotor, revulsivo e irradiador expansivo da nosa cultura. Precisa dun goberno que viva a cultura desde dentro, sinta a diversidade da expresión cultural pel con pel, sexa cómplice das súas creadoras, gañe en espazos de diálogo sincero e sexa ponte de comunicación, que se implique no seu presente e motive o avance transformador cara ao futuro.

A cultura galega precisa do goberno unha man aliada, compañeira e leal.

A cultura galega precisa un goberno que aban-

done a hostilidade da indiferenza, a rutina, a falta de imaxinación substituída pola improvisación, a prepotencia das estratexias distantes, as actitudes tecnócratas e as poses oportunistas que fan da cultura simples decorados de roldas de prensa ou anecdóticos chíos.

Cómpre un goberno que poña fin á continua diminución orzamentaria aplicada desde o 2009 que freou expectativas e oportunidades. Un goberno que priorice a conservación do patrimonio cultural e natural, que diga si a Galiza desde a cultura como pilar fundamental.

Urxe atender as conclusións de análises coincidentes á hora de reclamaren a necesidade de artellar unha política cultural estratéxica que fortaleza as redes de creación, difusión, distribución e internacionalización.

Ten que ser este o tempo de aproveitar oportunidades, non marcar límites e acreditar na nosa capacidade creativa para deseñar un pacto social pola cultura como ben de primeira necesidade.

Cómpre reformular o enfoque do Xacobeo 2021 para que sirva de impulso e estímulo da produción cultural propia, se achegue ao longo de todo o ano á totalidade da sociedade galega e comunique a cultura que facemos a todos aqueles viaxeiros e camiñantes que nos visitan coa marca dun país con cultura propia.

Crear o Instituto Rosalía de Castro para deseñar a difusión e proxección internacional da lingua, literatura e cultura galegas en todas as súas expresións cara ao exterior segue a ser un reto pendente. Non podemos seguir sendo a única comunidade con lingua propia no Estado que non dispoña dunha estratexia de internacionalización desde os nosos sinais de identidade.

As decisións que se adopten a partir de agora van trazar os camiños que transitarán as xeracións vindeiras, marcarán o modelo de sociedade que está por vir, o que require da nosa máxima implicación, observa-

ción, imaxinación e ilusión, á hora de mobilizar os recursos económicos e humanos precisos, de estimular redes de colaboración, así como da capacidade de traballar para o acordo e o consenso.

Este é o camiño que queremos transitar para gañarmos o futuro dunha Galiza en grande.

**No camiño da recuperación dous anos despois, a cultura galega volve amosar que a súa principal fortaleza reside na capacidade, no talento e na ilusión que seguen a soste o pulso vital a través das diferentes expresións creativas.**



supermercados



Xacobeo 21:22





Xacobeo 21-22  
Galicia



Inés  
Rey García  
Alcaldesa de A Coruña

# A Galicia das mulleres

Nesta data tan sinalada para todos os galegos e galegas, reivindicamos a nosa terra, a nosa Galicia nai. Unha Galicia de matriarcas que vive e pervive grazas a elas. Dende aquelas lavandeiras con cestas de vimbio que á beira do río mesturaban o olor das flores co xabón Lagarto; até as que hoxe lideran e emprenden grandes proxectos empresariais levando o nome de Galicia polo mundo. A esas mulleres que foron e son quen de sacar adiante o noso país mesmo nos momentos máis complicados. Porque cando un home tiña que deixar a súa Galicia natal froito da emigración, deberes militares ou traballos en mar aberto, unha muller quedaba en Galicia para seguir loitando polo seu futuro.

E se ben é certo que esa Galicia nai fai que sexan moitas as mulleres que temos como referentes, os coruñeses e coruñesas levamos ademais ese ADN impreso en cada paso que damos. Juana de Vega, Emilia Pardo Bazán, Marcela e Elisa, Francisca Herrera, María Barbeito ou María Casares son só algunhas das mulleres históricas que lle dan nome á cidade da Coruña. Todas elas coa súa historia particular, achegáronlle á nosa cidade unha parte esencial do que hoxe conforma o noso pasado, a nosa identidade como cidade, que escribe a súa lenda en feminino, con voz e letra de mulleres que abriron a fiestra do mundo a tantas outras galegas. Unha historia que, tamén a través das fiestras, recordamos día a día no Palacio Municipal ao ver a estatua da nosa María Pita.

Esa é a historia que queremos seguir escribindo. Por iso, o pasado mes de maio o Pleno Muni-

cipal da Coruña aprobou solicitarlle á Real Academia Galega adicar o día das Letras Galegas a Luisa Villalta.

Luisa, escritora coruñesa do último século, non só era unha magnífica literata, senón que tamén foi pioneira no campo da normalización lingüística traballando a prol da nosa lingua. Cultivou o teatro, o ensaio, a tradución, escribiu artigos xornalísticos... todas as letras se lle quedaban curtas, explorando todos os recunchos onde poder deixar a súa pegada cunha palabra, un espazo ou un punto final. Mais o seu grande amor literario foi a poesía e con ela toda a Coruña namorou de Luisa.

“Nada deixa o vento e nembargantes/amo esta Cidade tatuada na pétreira pel do mar” escribía en *En concreto* (2004), poemario polo que gañara o XII Premio Espiral Maior de Poesía e publicado de forma póstuma. Un adeus que chegou, como tantas veces, demasiado cedo. Seguro que eran moitos os versos que Luisa tiña preparados para a súa “Cidade Alta”, tal e como recollía nos seus textos.

Unha cidade que ela mesma definía como o lugar “onde a luz e o mar se están orixinando mutuamente”. Unha oda ao sitio que a viu nacer e que hoxe garda os seus ecos no rumor do “vento dos ven-

tos”, que son agora as súas letras.

A poeta, ademais de facer música coas palabras, afinaba o seu violín para formar parte da Orquestra Xove da Sinfónica de Galicia. Símbolo cultural por excelencia da nosa cidade e que despois de décadas segue a poñerlle banda sonora á historia de Galicia. Tamén a poeta quixo regalarnos esa cara artística, a do seu amor pola música, disciplina que combinou coa literatura para dar lugar a ensaios coma *O outro lado da música*, a poesía (1999).

Unha achega que amosa, por unha banda, a súa gran vocación divulgativa, que a levou a ser mestra de lingua galega; e por outro, a súa multidisciplinaria, revisitando a historia galega dende a presenza da música destacando a condición inherente dunha e doutra. Especialmente en Galicia, onde a nosa cultura popular se mantivo en gran parte grazas a esas mulleres que cada serán cantaban unha e outra vez os versos que hoxe iluminan os séculos máis escuros da literatura galega.

Luisa era unha desas matriarcas da Galicia nai. Unha desas mulleres coruñesas que lle puxeron letra á historia da nosa cidade coa súa voz literaria, sendo quen de facer nos seus versos unha homenaxe á Coruña, a súa

namorada A Coruña.

Un curruncho de terra que vira as costas ao continente, en palabras de María Casares, e dende o que seguiremos loitando para que voces como as de Luisa nunca queden no esquecemento.

**As mulleres foron e son quen de sacar adiante o noso país mesmo nos momentos máis complicados. Porque cando un home tiña que deixar a súa Galicia natal, unha muller quedaba en Galicia para seguir loitando polo seu futuro.**



Xacobeo 21-22  
Galicia



Mercedes  
Rosón Ferreiro  
Primeira tenente de  
alcalde, Concelleira  
responsable de  
Urbanismo, Vivenda,  
Cidade Histórica e  
Acción Cultural de  
Compostela

# Santiago vai de sentir

As veces, o correr da auga estreméceme, vólleme á adolescencia, cando a chuvia parecía quenon ía a cesar nunca, e resultaba imposible non acabar cos pes mollados; e o son, o barullo do correr da auga, o son dos canos desbordados, do golpe da auga coas pedras, dos chorros que precipitan no chan, nos parauas, a diversidade dos sons da auga; cada vez que chove volvo a ser aquela rapaza que chegou a Santiago, que se namorou do mundo mirando Compostela, e que dende o primeiro día soubo que quería ser compostelá.

Nunca deixei de ser aquela nena, e tampouco nunca deixei de mirar a Santiago con aqueles ollos de admiración, fascinados polas oportunidades que ofrecía a cidade, polos espazos, polas xentes, polas de aquí e polas que viñan de lonxe, polos barullos, os da xente e os da auga; todo, absolutamente todo, tiña olor a futuro en Santiago. Porque o Santiago ao que eu cheguei, lonxe de cerrar España, abría o mundo.

Pasaron moitos anos, Santiago viviu momentos diferentes neste tempo, como todas as cidades, con acertos e desacertos, entre todos e todas construímos a cidade que temos hoxe, algúns dos sons da auga mudaron, uns para ben, outros quixera volver a escoitalos.

O certo é que a cidade cambiou moito neste anos, medrou, desenvolveuse en servizos e equipamentos, aprendeu a convivir co rural, que é parte da nosa esencia; pero as veces sinto que nalgunha volta do camiño perdemos esa mirada de fascinación que tivemos noutro tempo, que nos fixo

sentirnos protagonistas do mundo, e que nos fixo querer ser compostelás.

Nos últimos anos pasamos por momentos moi difíciles, as crisis, a pandemia, a guerra en Ucraína; aínda as incertidumes son maiores que as certezas, pero sabemos que o mundo que virá tras a pandemia e a guerra será diferente, volveremos a mirar cara dentro, falar do local antes do global, dos reparos da globalización, da importancia dos recursos de proximidade; o mundo terá que decidir de novo que quere ser, e nós, en Santiago tamén.

Porque os termos en que se definira o mundo ata os nosos días quedaron obsoletos coa invasión de Ucraína; as institucións internacionais, os acordos, a seguridade; a mesma certeza moral que producía a idea de democracia despois dos anos 50 parece sucumbir ao arrastre dos populismos que desbordan as lecturas programáticas e principistas das políticas.

A polarización, da que tanto se fala, é a guerra dentro da política, é recoñecer ao outro coma inimigo, é o rexeitamento a comprender as posicións dos demais, a circular por camiños que poidan encontrarse, a reducir as distancias e aceptar o risco de que o outro teña razón. Ese é hoxe

o principal problema do noso mundo, falamos para ter razón, dialogamos para impor a nosa vontade, e acabamos compartindo solo con aqueles que concordan con nós.

Nunca o diálogo foi tan estéril, o físico e o dixital, porque no fondo temos unha certa fascinación pola discrepancia, pola diferenza, por mostrar a nosa particularidade, na política e na vida.

Pero o mundo que ven necesita exactamente o contrario; necesita que xuntemos forzas, que encontremos solucións conxuntas e que todos e todas nos sintamos parte de esas solucións.

Ninguén vai poder atopar o camiño solo, porque a política xa non vai de dar resposta as necesidades obxectivas da xente; agora vai de que a xente perciba esas respostas como as que eles e elas necesitan. E iso, nin é obxectivo nin xa nunca será obxectivo.

No Século XXI, a política vai do que a xente sinte, e de como cadaquén constrúe a súa forma de sentir. Por iso hai tanto risco nos populismos, por iso tantas incertezas no futuro. E tamén por iso temos que construír o

futuro de Santiago xuntos, para que tras estes anos de crises e pandemias, Santiago volva a fascinarnos a todos e todas; e tal vez, un día destes, outra moza coma min vexa nesta cidade a porta do mundo, e queira para sempre ser compostelá, santiaguesa e picheleira. Porque Santiago no vai de palabras, va de sentir.

**Temos que construír o futuro de Santiago xuntos, para que tras estes anos de crises e pandemias, Compostela volva a fascinarnos a todos e todas; e tal vez, un día destes, outra moza coma min vexa nesta cidade a porta do mundo, e queira ser picheleira.**



Xacobeo 21-22  
Galicia



María Gómez-  
Franqueira Otero  
Vicepresidenta do  
Grupo Coren

# Sector primario: novos retos en tempos incertos

Un ano máis, estas páxinas de **El Correo Gallego** invítannos á reflexión sobre a festividade do Día de Galicia e dos retos de futuro da nosa terra. Unha data para celebrar a nosa identidade galega que, neste ano -como parte do Xacobeo 2021-2022-, festejamos novamente acompañados dos milleiros de peregrinos que chegan de todas as partes do mundo para compartir este día especial con nós, que queren descubrir os encantos desta terra bela e hospitalaria, e gozar das nosas fermosas paisaxes, deliciosa gastronomía e xenerosas xentes.

Este 25 de xullo chega despois de dous anos de pandemia, que nos permitiron reflexionar sobre o valor das pequenas cousas e poñer no seu sitio o verdaderamente importante, pero da que tamén seguimos arrastrando as consecuencias e os seus efectos. O clima de inestabilidade que trouxo a crise sanitaria agudizouse co estalido da Guerra na Ucraína, un conflito que nos levou a un **escenario extremadamente complexo a nivel mundial e está a xerar unha fonda preocupación pola evolución da economía.**

Nos últimos meses estamos a ver a inflación desbocada -os datos máis recentes sitúana por enriba do 10%- e as previsións apuntan a un descenso de consumo, o que levou a todos os grandes organismos económicos a revisar á baixa as súas previsións de crecemento.

O sector primario tamén está a ser especialmente afectado polos desafíos que plantexa este novo

contexto. Certo que temos un grande potencial na nosa terra, óptimas condicións para a produción de alimentos de máxima calidade, un sector á vangarda e dotado coas últimas tecnoloxías, e as novas xeracións máis preparadas da nosa historia.

Non obstante, **a suba das materias primas de alimentación animal no último ano e medio (que fixo que cereais como o trigo e o millo duplicasen os prezos) e os custes de electricidade e carburantes en máximos históricos están facendo perigar a viabilidade do sector agroalimentario,** poñendo en risco a súa continuidade, xa que moitos produtores están a traballar por debaixo de custos.

É preciso, máis que nunca, **garantir uns prezos xustos dos produtos no punto de venda, que permitan a viabilidade de toda a cadea de produción de alimentos.** Non podemos depender de terceiros mercados nos que non se produce coas mesmas esixencias de calidade, trazabilidade, benestar animal e respecto ao entorno como se fai aquí. Sen esquecer a importancia de contar cun sector de produción de alimentos propio e de cercanía, que garanta o suministro á poboación, que se demostrou esencial en cri-

ses como a do confinamento polo Covid-19.

Non son os mellores tempos pero, a pesar de todos estes desafíos, **o noso traballo será, unha vez máis, garantía de futuro.** Dende as nosas orixes, en **Coren** estamos convencidos do potencial que ten o campo galego e, por iso, levamos 60 anos traballando para construír un futuro para as novas xeracións na nosa terra. Estamos orgullosos de todo o que levamos conseguido, un grupo do que hoxe forman parte máis de 7.000 familias, a maior cooperativa agroalimentaria cárnica de España. Sobre os nosos valores de benestar animal, respecto ao medio ambiente, calidade, trazabilidade e I+D, hoxe estamos preparados e dimensionados para competir nun mercado globalizado e que, de feito, xa leva o nome de Galicia a máis de 55 países de todo o mundo. Sobre estas premisas seguimos traballando, sempre coa firme defensa duns prezos xustos para os nosos produtores, e co fin de levar a mellor calidade á mesa dos nosos consumidores.

**O futuro pasa polo compromiso de cada un de nós por acadar unha Galicia mellor e máis próspera.** Pero este día tamén debe servir para reflexionar sobre o camiño que queremos andar nos próximos anos. Porque aquí tamén temos que facer camiño.

Feliz Día de Galicia!

Este 25 de xullo chega despois de dous anos de pandemia, que nos permitiron reflexionar sobre o valor das pequenas cousas e poñer no seu sitio o importante, pero da que tamén seguimos arrastrando as consecuencias.

## Monforte de Lemos, Capital da Ribeira Sacra

*Feliz Día de Galicia*



Os Escolapios



Miradoiro do Duque



Porta Nova



Fogos de San Vicente



Convento de Sta. Clara



Conxunto de San Vicente



CONCELLO DE  
MONFORTE  
DE LEMOS

[www.monfortedelemos.es](http://www.monfortedelemos.es)



Xacobeo 21-22  
Galicia



Carmen  
Lence Ferreiro  
CEO  
de l Grupo Leche Río

**España ocupa las posiciones de cola en Europa en cuanto a inclusión del talento femenino en el mercado laboral rural: es el quinto país con la tasa de actividad rural femenina más baja (73,0%); y el segundo con mayor tasa de paro femenino rural (12,9%).**

# ¡Qué no te cuenten cuentos!

Me alegra y me llena de esperanza oír hablar a mis hijos, a sus amigos y otra gente joven de la generación Z, de manera que muestra que se han dejado atrás algunos de los tópicos sobre la diferencia de género y la diversidad que nos acompañaron a los que somos mayores que ellos durante nuestras diferentes etapas vitales. Dicho esto, y pese a los grandes avances que se han producido en los últimos años, aún no está todo hecho. Según el *Global Gender Gap Report*, a al ritmo actual de progreso, se necesitarán 132 años para alcanzar la paridad total.

La cultura popular es fuente de sabiduría, sí, pero es también el lugar en el que residen y encuentran cobijo muchos de los sesgos y estigmas que padecemos las mujeres. ¿Recuerdan el *Cuento de la lechera*? Como comprenderán, una mujer como yo, “lechera” de profesión, al frente de la mayor empresa láctea de nuestra región y sexta en tamaño a nivel nacional, tiene bien estudiada esta historia.

La muchacha que la protagoniza tiene la peor de las suertes cuando el cántaro que transporta se le cae al suelo, perdiendo toda la leche que llevaba en su interior. Sucede mientras va soñando con todo lo que puede conseguir si logra hacer buen negocio vendiendo la leche. ¿Cuál es la moraleja? Jovenzuela: confórmate con lo que te toca en la vida y olvídate de tus ambiciones no vaya a ser que te quedes sin nada.

Los hombres, en cambio, han crecido con referentes con mucha mejor suerte. Pongamos un ejemplo: Guillermo Tell. Ese apuesto hombre que desafía al poder y, como castigo a su justificada desobediencia, debe lanzar una flecha

y acertar de pleno en la manzana que se posa sobre la cabeza de su vástago. Antes de ejecutar el disparo, el hijo le muestra toda su confianza en él y sus habilidades con el arco, la familia siempre apoyando. Cómo no, la flecha termina clavada en la manzana. ¡Vaya suerte! Sobre todo, para el hijo...

En resumidas cuentas, ella debe de ser una mujer anónima, conformista y sin ambiciones; él, en cambio, debe ir a por lo que quiere, tomar riesgos, cuanto más grandes mejor, y, por supuesto, la recompensa será el reconocimiento y el éxito.

No estamos ante simples cuentos para niños; son estos estímulos los que, en edades tempranas, comienzan a forjar el carácter de las personas y generan un sesgo inconsciente, tanto en los chicos como en las chicas. Y claro, cómo decía el sabio, “El primer paso para resolver un problema es reconocer que este existe”. Al ser inconscientes del sesgo inconsciente, no somos conscientes del problema y por eso perdura.

Las dificultades que se encuentra una mujer en el mundo laboral y del emprendimiento son cualitativas y cuantitativas. En el primer caso, son esos estereotipos que frenan cualquier intención de tipo empresarial, bien por opiniones ajenas o bien por el “autofreno” que ejercemos, presas de los estereotipos que han ido impactando en nuestro subconsciente desde nuestra infancia (como la moraleja final en *El cuento de la lechera*). En el caso cuantitativo, las cifras son contundentes.

El estudio *Women entrepreneurs. Catalyzing growth, innovation, and equality*, presentado por la empresa Citi, ofrece datos interesantes a nivel cualitativo y cuantitativo. Según este, en el acceso a la financiación, las emprendedoras padecen estereotipos que in-

sisten en la idea de que los préstamos para ellas son más arriesgados, a pesar de que no se sustente en ningún dato objetivo. En lo que a aspectos numéricos se refiere, apunta Andrew Pitt, jefe global de investigación de Citi y encargado de presentar el estudio, que, en la etapa de capital de riesgo, la financiación global que se destinó a empresas lideradas por mujeres alcanzó tan solo el 2,8% de todos los fondos de capital de riesgo en 2019 y el 2,3% en 2020.

En el rural, además de la tradición, la progresiva masculinización y envejecimiento de la población hace que los movimientos hacia la igualdad sean más difíciles. Según el estudio *ClosingGap* de CaixaBank, de los 1,6 millones de personas empleadas en explotaciones agrarias, el 65,4% son hombres y hay aproximadamente tres hombres que son titulares-jefe de la explotación por cada mujer en la misma posición. De hecho, España ocupa las posiciones de cola en Europa en cuanto a inclusión del talento femenino en el mercado laboral rural: es el quinto país con la tasa de actividad rural femenina más baja (73,0%); y el segundo con mayor tasa de paro femenino rural (12,9%). Las consecuencias, son nefastas, ya que dos de cada tres personas que dejan el rural son mujeres en edad fértil. Las diferencias de género están poniendo en peligro el futuro del rural.

Debemos seguir luchando por una igualdad real, empezando por la educación de niñas y niños, para que crezcan alejados de esos cuentos que, en el fondo, poco tienen de inocente. *El cuento de la lechera* bien podría ser *El cuento del lechero*, y Guillermo Tell bien podría ser Guillermina Tell, las características de la personalidad del ser humano responden a la forma que tiene de ser cada individuo y no a su sexo. En este sentido, ¡qué no te cuenten cuentos!

## A pegada de Galicia

A nosa terra vive nas persoas que a disfrutan cada día e tamén naquelas que a visitan algunha vez. Unha pegada imborrable grazas á beleza das nosas paisaxes, á xente e a súa forma de ser, á gastronomía, á retranca e á morriña, ou ao noso orgullo.

En Congalsa queremos seguir compartindo co mundo o sabor e saber de Galicia.

25 DE XULLO  
Feliz Día de Galicia





Xacobeo 21-22  
Galicia



**Marta Alonso Blanco**  
Directora territorial  
Noroeste de BBVA

## Juntos avanzamos hacia un mundo mejor

**E**nhorabuena al **Correo Gallego** por esta iniciativa que nos da voz a tantas mujeres que hoy trabajamos en Galicia y para Galicia. Es un privilegio para mí tener de nuevo la oportunidad de compartir estas páginas con todas ellas, valiosos referentes que, desde distintos ámbitos de responsabilidad, contribuyen al crecimiento y desarrollo de esta hermosa Tierra.

Quiero felicitar en este día tan especial, 25 de julio, día del Apóstol Santiago, a todas las personas, hombres y mujeres, gallegos y gallegas, que desde cualquier parte del mundo sienten hoy a Galicia más cerca que nunca.

Estamos viviendo un momento histórico a nivel mundial, difícilmente imaginable años atrás. A los desafíos digitales se unen ahora grandes retos como el cambio climático, la conservación de la biodiversidad o la desigualdad.

En un entorno de elevada incertidumbre como es el actual, se abren también enormes oportunidades que debemos aprovechar. En BBVA trabajamos orientados por un propósito: "Poner al alcance de todos las oportunidades de esta nueva era". Un propósito que persigue tener un impacto positivo en la vida de las personas, las empresas y la sociedad en su conjunto.

Vivimos una nueva era absolutamente disruptiva, en la que la tecnología está provocando un cambio radical en nuestros hábitos. Nue-

vas formas de comunicarnos y relacionarnos, nuevas formas de consumir productos y servicios que, sin duda, están transformando nuestra sociedad.

En BBVA hemos sido pioneros en la estrategia de digitalización y esto nos ha permitido poner al servicio de los clientes canales cómodos, sencillos y accesibles que facilitan la vida a las personas.

Apalancándonos en la tecnología, hemos desarrollado un conjunto de funcionalidades para ayudar a los clientes a tomar las mejores decisiones y mejorar su salud financiera, una de nuestras seis prioridades estratégicas.

Creemos que el bienestar financiero debe estar al alcance de todos, y una forma de hacerlo posible es poner a disposición de particulares y empresas, herramientas personalizadas para la gestión del día a día, la planificación de los gastos, la gestión de la deuda y el ahorro para alcanzar el objetivos individuales de cada uno.

En BBVA vemos la mejora de la salud financiera como parte de nuestra responsabilidad hacia los clientes y la sociedad.

En la búsqueda de un mundo más justo y sostenible, la educación financiera es una herramienta fundamental pues contribuye de forma clara al crecimiento inclusivo. Tener un buen nivel de educación financiera es fundamental para poder tomar decisiones financieras informadas y así poder acceder a mejores oportunidades.

Vivimos en una tierra maravillosa y Galicia es claro ejemplo de ello. Luchar contra el cambio climático es uno de los mayores retos a los que nos enfrentamos como sociedad. Para nosotros en BBVA es una prioridad acompañar a los clientes en su transición sostenible con financiación y asesoramiento.

Estamos en el buen camino y juntos continuamos avanzando hacia un mundo mejor. ¡Feliz Día Galicia!



Xacobeo 21-22  
Galicia



**Rosa Blanca Rodríguez Gutiérrez**  
Administradora solidaria  
de Espina & Delfin

## Preservar Galicia cuidando del agua

**G**alicia es azul, como solemos ver el agua cuando se encuentra en grandes cantidades. Galicia es sus 10.000 ríos y sus 1.500 kilómetros de costa. A pesar de ello, nuestra comunidad

arrastra desde febrero una preocupante escasez de precipitaciones y una alerta de sequía. Este último mes, muchos ayuntamientos se vieron obligados a restringir el uso del agua potable y algunos profesionales, como los ganaderos y los agricultores, están sufriendo las consecuencias de la falta de agua.

Hoy Galicia celebra su día grande. Una fecha para recordar que debemos cuidar y proteger el lugar en el que vivimos. Por ello quiero aprovechar este día de fiesta para lanzar un mensaje de concienciación y sensibilización para conservar uno de nuestros bienes más preciados: el agua. Un bien que, incluso aquí, es finito. Es el momento de que todos pongamos nuestro granito de arena para ahorrar y cuidar de los recursos hídricos que son tan necesarios para la vida.

Un buen comienzo es consumir menos agua. Los meses de julio y agosto son los más secos del año y durante esta época estival muchos núcleos gallegos multiplican su población por la afluencia de turistas. Sequía y aumento de población son dos factores de riesgo a los que tienen que hacer frente los concejillos, pero no los únicos. A esto le sumamos

que, según datos de la Organización Mundial del Turismo, un ciudadano europeo en su hogar consume entre 50 y 200 litros de agua al día, mientras que un turista puede consumir más de 400 litros.

Para invertir esta situación necesitamos un cambio de mentalidad y un compromiso por parte de todos: habitantes y visitantes. En nuestro día a día podemos ducharnos en lugar de bañarnos, cerrar el grifo mientras nos cepillamos los dientes, utilizar los electrodomésticos como lavadoras y lavavajillas sólo cuando estén llenos, reducir el riego de los jardines a lo estrictamente necesario, no usar el retrete como papelera, deshacernos de los aceites usados en puntos limpios y no por el fregadero, y vigilar que los grifos y cisternas no goteen... Estas son acciones cotidianas, sencillas de ejecutar y que, si todos las implementamos, conseguirán resultados notorios.

El objetivo común de cuidar de los recursos hídricos también implica al tejido empresarial y a las administraciones. Debemos completar las redes de saneamiento para que lleguen a todas las viviendas, renovar las redes de abastecimiento para evitar roturas y fugas de agua, y dotar a todas las poblaciones de planes contra la sequía.

Para cruzar la meta necesitamos que todos –ciudadanos, administraciones y empresas– caminemos de la mano. En Espina & Delfin hace años que decidimos aplicar criterios de innovación, eficiencia y sostenibilidad en la gestión del ciclo integral del agua, un servicio que prestamos diariamente en medio centenar de concellos donde residen 550.000 gallegas y gallegos de manera habitual. Seguiremos esforzándonos e invirtiendo hasta lograr la excelencia.

Hoy es un buen día para empezar, para tomar conciencia, sensibilizarse y reducir nuestro consumo de agua. No hay mejor forma de preservar nuestro entorno que cuidando de sus recursos. Feliz 25 de julio. Feliz Día de Galicia.



Xacobeo 21-22  
Galicia



**Rocío Pazos Toba**  
Directora Territorial  
Galicia de Banco  
Santander

## Contribuir a asegurar el futuro

**H**ace ya un año que participé por primera vez en este suplemento. En aquel momento acababa de volver a mi tierra, como directora territorial de Banco Santander en Galicia, y les contaba con qué ganas asumía la responsabilidad, y compartía los retos y las oportunidades que veía para contribuir al crecimiento de nuestra región. Hoy agradezco al **Correo Gallego** que me ofrezca de nuevo esta oportunidad.

Cuando me propusieron colaborar, recordé una frase que escuché decir al Presidente de la Xunta hace poco, y que he hecho mía para empezar este artículo: "las empresas también construyen Galicia"

En el S.XX fueron los empresarios gallegos, la mayoría de ellos emprendedores, los que ayudaron a cambiar el modelo económico de Galicia: en ese momento dejamos de ser una tierra de emigrantes para convertirnos en importantes productores de bienes y servicios de calidad.

Aquellos visionarios crearon empresas que fueron transformadoras del tejido productivo, se convirtieron en referentes nacionales y se atrevieron a dar el salto al exterior. Trabajando con sentido, consiguieron transformar la imagen de Galicia.

Hoy somos muchos los que sentimos orgullo cuando vemos el resultado y sabemos la consideración que tienen nuestras empresas en muchos sectores (agro, in-

dustria, tecnología, construcción, servicios...) y presumimos de lo que vendemos en todo el mundo. Me vienen a la mente decenas de ejemplos, y si no las enumero, es porque estoy segura de que dejaría atrás a tantos como mencionaría, y también, porque sé que los lectores ya están pensando en algunas de las empresas que se han convertido en referencia nacional, o internacional, desde esta esquina del mundo.

Ahora puede resultar sencillo para nuestras empresas decir que son gallegas o llevar a Galicia en su nombre o en su marca, pero hace años fue un ejercicio de confianza y de coherencia que sin duda ha contribuido, y mucho, a construir Galicia.

El momento actual es desafiante y el entorno es cada vez más complejo, pero es precisamente en los momentos de incertidumbre cuando es más necesario mantener el espíritu de los empresarios que nos han precedido.

Ahora todos, tanto los que han sustituido a estos pioneros y continúan con la tradición, como los que acaban de emprender y son innovadores, tanto las grandes empresas que están entre las más prestigiosas del mundo, como las PYMES menos conocidas que trabajan día a día para crecer, tanto los autónomos y los pequeños negocios como los referentes internacionales, todos tenemos la oportunidad de impulsar el cambio hacia un nuevo modelo productivo, más digital, más internacio-

nal, más sostenible en el tiempo, y sobre todo tan pegado al territorio como siempre.

Hace años los empresarios gallegos consiguieron impactar en sociedad, haciendo que muchas economías familiares se desarrollasen, gracias al empleo que crearon en nuestra tierra, evitando que tuviésemos que salir a trabajar fuera. Ahora la oportunidad está en retener el enorme talento que tenemos en el territorio y en contribuir a asegurar el futuro de todos los que queremos seguir formando parte de este proyecto que es Galicia.

Con este mismo objetivo, en Banco Santander queremos seguir ayudando a generar ese impacto positivo en Galicia, apoyando el crecimiento responsable y sostenible, y la transformación del nuestro tejido empresarial. Hemos estado a su lado siempre, y de forma muy especial durante estos últimos años, en los que la situación ha sido muy compleja y en la que, desde el primer momento, Santander ha querido desempeñar un papel fundamental. En 2022, en la recuperación seguimos reforzando a los autónomos y los empresarios gallegos.

Una muestra de nuestro compromiso es nuestro respaldo a los agricultores y ganaderos de Galicia, a los que hemos financiado con 130 millones en esta primera mitad del año, un 16% más que en el mismo periodo del año anterior. De la misma forma, hemos apoyado la internacionalización de las empresas gallegas con 925 millones, un 20% más. Y tenemos innumerables ejemplos de nuestro compromiso para ser, no solo el financiador de las empresas gallegas, sino su socio de referencia.

Con este recorrido hecho, mi equipo y yo estamos preparados para seguir trabajando para Galicia y su gente, porque crecer juntos es nuestro objetivo más importante.



Xacobeo 21-22  
Galicia

# A investigación como un dos pilares do noso sistema



**M<sup>ra</sup> Luz Couce Pico**  
Directora científica do Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela. Xefe de Servizo de Neonatoloxía

**A**gradézolle un ano mais ao **Correo Gallego** a oportunidade de escribir neste suplemento especial do noso Día de Galicia e facer así unha reflexión sobre o significado da investigación no ámbito sanitario. Non cabe dúbida de que a investigación biomédica é necesaria para mellorar a saúde da cidadanía, e a integración da investigación coa práctica clínica garante unha maior calidade dos servizos de saúde e unha mellor e máis rápida achega dos avances científicos ós pacientes.

En palabras de Ramón Gomis "A investigación científica biomédica é a única ferramenta posible para darnos esa resposta que nos permita avanzar na prevención e curación de enfermidades". Na era da medicina moderna é de suma importancia que a investigación, asistencia e docencia vaian da man, implicando aos institutos de investigación sanitaria e ás universidades. Así mesmo, é necesaria a innovación e capacidade de transferencia cunha vinculación coas empresas biotecnolóxicas. Temos que pensar nos beneficios a curto prazo pero tamén a medio e longo prazo, e iso significa que hai que seguir investindo en investigación e innovación.

Non podemos bloquear o camiño da investigación. Debemos ter a garantía de que a actividade investigadora e a transferencia de resultados á prác-

tica clínica se desenvolvan e se sustenten cientificamente de forma demostrable. Para o cal é necesario ter centros de investigación cunha masa crítica de investigadores básicos e clínicos motivados que consigan unha maior eficiencia da labor investigadora, que se reconeza a carreira do investigador acorde á súa labor profesional, e que se valore nos clínicos tamén o seu perfil investigador á hora de ter unha praza pública asistencial.

Estes retos permitirannos progresar nos nosos obxectivos, atraer novo talento e asegurar a renovación xeracional do persoal investigador. Coa reforma da lei da Ciencia, Tecnoloxía e Innovación deuse un paso adiante pero aínda queda moito camiño por percorrer.

Sabemos que para mellorar son necesarios máis persoal investigador e recursos; en Galicia, os investigadores temos en xeral unha produtividade científica superior á que nos podería corresponder teoricamente cos recursos dos que dispoñemos, si-

nal inequívoco de que os recursos de investigación se utilizan mellor que noutros lugares. E ademais cunha participación moi representativa das mulleres, así o Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC) publicou en xuño de 2022 a súa primeira clasificación coas 5.000 científicas españolas e estranxeiras que investigan en organismos españois, e dentro das 1000 primeiras 58 foron galegas.

E, en particular, no instituto de investigación sanitaria de Santiago de Compostela, no IDIS, tívose no ano 2021 un crecemento do 30% en proxectos competitivos, un 15% máis de publicacións en revistas do primeiro decil no "Journal Citation Report" e 31 novas patentes. Pero é necesario seguir aumentando a actividade científica biomédica na nosa comunidade, o que repercutirá nun coñecemento maior da historia natural das enfermidades e da súa fisiopatoloxía, en diagnósticos máis precoces, en novas tera-

pias e en mellores estratexias de prevención ou protección fronte a elas. Por iso pedimos ás institucións e á sociedade en xeral que nos sigan apoiando. Só así poderemos mellorar.

Bo día de Santiago, Bo día de Galicia

**Na era da medicina moderna é de suma importancia que a investigación, asistencia e docencia vaian da man, implicando aos institutos de investigación sanitaria e ás universidades. Necesitamos ter unha masa crítica de investigadores.**

*Feliz Día de Galicia*

**O Pino Concello**

turismo

[www.opino.gal/es](http://www.opino.gal/es)

X21 22

**GALICIA**

**ABRIL**

COLLEITA PROPIA

DENDE 1962 ORGULLOSOS DE PERTENCER Á NOSA TERRA





Xacobeo 21-22  
Galicia



**Carmen  
Álvarez Lorenzo**  
Catedrática de  
Farmacia y Tecnología  
Farmacéutica y  
Directora del iMATUS

**Estamos feitos de  
materiais  
(proteínas, lípidos,  
minerais),  
convivimos con  
materias primas e  
procuramos de  
materiais cada vez  
máis avanzados  
para desenvolver as  
facetas da vida.**

# Instituto de Materiais (iMATUS): integrando complementarios

// Busca tu complementario, que marcha siempre contigo". Estas verbas de Antonio Machado definen o espírito co que nace iMATUS; un instituto de investigación, recente en canto a nome e estrutura, que busca vertebrar a intensa actividade que se vén desenvolvendo na Universidade de Santiago de Compostela no eido dos materiais co apoio do ecosistema de I+D+i co que conta Galicia. O xerme de iMATUS foi a actividade desenvolvida durante tres anos pola Agrupación Estratéxica en Materiais (AeMAT), financiada pola Xunta de Galicia, e a ampla experiencia na colaboración coa industria do antigo Instituto de Cerámica. Os logros acadados en canto a formación de novos investigadores, actividade científico-tecnolóxica, e transferencia de tecnoloxía ao sector industrial avallan a ilusiónante, e ao mesmo tempo retadora, tarefa que ten por diante iMATUS.

Busca e complementariedade tradúcense no ámbito científico en innovación e interdisciplinariedade, que son os dous motores esenciais do avance do coñecemento no século XXI. Poucos eidos requiren, como o dos materiais, cooperación entre disciplinas distintas que actúen de forma coordinada e dinámica para atopar solucións ás demandas da sociedade. A palabra material ten dúas acepcións principais; como adxectivo cualifica o que ten realidade física, en contraposición ao incorpóreo ou inmaterial.

Como substantivo, material é aquilo do que está feito un ser vivo ou unha cousa, ou que se pode utilizar para facer algo. Estamos feitos de materiais (proteínas, lípidos, minerais), convivimos con materiais (as materias primas que achega a natureza) e procuramos de materiais cada vez máis avanzados para desenvolver todas as facetas da vida (vivenda, automoción, enerxía, saúde...). O valor do mercado mundial de materiais avanzados, que alcanzou os 59 000 millóns de euros en 2018, prevese que supere os 125 000 millóns en 2026.

Existe unha crecente demanda de materiais innovadores, deseñados con propiedades novas ou melloradas para elaborar produtos e deseñar procesos máis eficientes e sostibles. A transición cara a un modelo enerxético baseado en fontes renovables e a implantación da economía circular son un acicate para a ciencia dos materiais. Pero tamén o é a necesidade de innovación na industria, onde se estima que o 70 % dos avances técnicos están directa ou indirectamente vinculados aos novos materiais. Por iso, as políticas europeas, estatais e autonómicas de desenvolvemento industrial e económico ofrecen un espazo destacado á ciencia dos materiais, e unha xanela de oportunidade única para posicionar a Galicia, a través de iMATUS, á vangarda da investigación.

iMATUS aspira a ser un centro de investigación de referencia internacional no campo dos materiais a todos os niveis de procesado, dende a materia prima (vexetal, animal ou mineral) ata os materiais técnicos froito de transformacións ás que se someten as ma-

terias primas para dar lugar a produtos con novas prestacións. Os materiais avanzados, a nanotecnoloxía, a fotónica e a fabricación avanzada —que inclúe a impresión 3D, as tecnoloxías cuánticas, as técnicas de simulación e o deseño computacional— están no foco da creación, investigación e transferencia de coñecemento de iMATUS.

A Unión Europea considera estas tecnoloxías como estratéxicas para o desenvolvemento industrial (key enabling technologies), e as empresas galegas senlleiras en sectores como a cerámica, a transformación de metais e madeira, e o téxtil e dos ámbitos da alimentación e biomédico precisan profesionais cada vez mellor preparados e contan con departamentos de investigación que demandan colaboracións e apoios tecnolóxicos innovadores.

A misión do Instituto é facer ciencia multi e interdisciplinar de excelencia con impacto científico e socioeconómico no ámbito dos materiais aplicados á saúde, á industria, ás tecnoloxías emerxentes, ao medio ambiente e á enerxía. iMATUS ten como obxectivo converterse nun centro de atracción de investigadores que poidan impulsar de maneira colaborativa a creación e transferencia de coñecemento en beneficio da ciencia, da actividade produtiva e da sociedade en xeral. Para iso ten que estar á altura do reto que supón artellar os coñecementos complementarios cos que contan os seus integrantes e xerar unha contorna de pensamento creativo que dea pulo á ciencia dos materiais e ás súas aplicacións tecnolóxicas.

Grandes
REBAJAS

APILABLE  
DE SALÓN

159<sup>99</sup>€

Antes: 229€

Rapimueble
Una forma diferente

LA CORUÑA - SANTIAGO DE COMPOSTELA - LUGO - RIBADEO - OURENSE - FERROL  
VIGO - PONTEVEDRA - CAMBADOS - LALÍN - VILAGARCÍA DE AROUSA - ARTEIXO



Xacobeo 21-22  
Galicia



**María Teresa  
Moreira Vilar**  
Catedrática de  
Enxeñaría Química da  
USC y directora  
científica de CRETUS

# Camino por recorrer en la nueva Ley de Universidades

En este día de celebración para todos los gallegos, el especial de *El Correo Gallego* es un clásico en el que se da cabida a artículos de opinión escritos con nombre de mujer. Como profesora e investigadora de la Universidad de Santiago, he reflexionado en artículos anteriores sobre los aspectos que deben guiar nuestros objetivos y definir nuestro papel en la sociedad. Desde nuestra actividad profesional, los miembros de la Universidad gallega debemos impulsar y posicionar el papel de Galicia como referente nacional e internacional en el ámbito de la educación y la investigación.

En el momento actual, sujeto a incertidumbres de todo tipo, la nueva Ley Orgánica del Sistema Universitario (LOSU), por la que se reforma la Ley 14/2011 conocida como ley LOU, introduce nuevas variables en juego de cara a mejorar la eficiencia, coordinación, gobernanza y transferencia de conocimiento del Sistema Público de Ciencia, Tecnología e Innovación español, así como para reducir las cargas administrativas.

Uno de los elementos que destaca con mayor énfasis es el modelo de contratación de personal. Se propone la reducción de los contratos temporales para el personal docente e investigador, introduciendo un nuevo tipo de contrato indefinido, y limitando para ciertos condicionantes los contratos laborales temporales.

En principio, los contratos indefinidos deberían reflejar las singularidades del sistema de I+D+i y no estar sujetos a los límites de la oferta de empleo público ni a las tasas de reposición. Tras un concurso de acceso libre basado en los méritos, la consolidación de los mejores profesionales debe asegurarse en base a criterios de excelencia y no por factores de oportunidad o coyunturales.

La disponibilidad de fondos continúa siendo el talón de Aquiles de la sostenibilidad financiera del sistema universitario español. La expectativa que se plantea es conseguir un 1% del PIB dedicado a la financiación pública de la I+D, si bien hay que tener en cuenta el punto de donde partimos, actualmente en torno al 0,7%, lo cual crea en la situación actual cierto escepticismo. El modelo de financiación debería promover la eficiencia en base a resultados, estableciendo un equilibrio entre la investigación (básica y aplicada) y la docencia.

La internacionalización de la Universidad a tra-

vés de la adscripción de investigadores o profesores extranjeros es otro de los elementos a potenciar, así como la redefinición del contrato de investigador distinguido para atraer a personal científico de prestigio.

No sólo la internacionalización se aplica a los investigadores extranjeros que consideran a la Universidad Gallega como destino y punto de partida de una nueva carrera profesional, es también esencial promover la movilidad de los profesores ya consolidados, creando vínculos estrechos con instituciones extranjeras de prestigio.

Sin embargo, la reasignación de las horas de docencia del Plan de Organización Docente de cada profesor/a complica notablemente los aspectos organizativos del Centro.

La norma aprobada en el Congreso también busca resolver las principales desigualdades de género que persisten en el ámbito de la I+D+i, al tiempo que se implementan acciones y protocolos específicos contra cualquier tipo de acoso por razón de sexo u orientación sexual.

En el día de Galicia es oportuno reflexionar sobre el modelo educativo y de investigación de calidad de la

Universidad, siguiendo las directrices de la excelencia y apostando fuertemente por el talento.

**Uno de los elementos que destaca con mayor énfasis la nueva Ley Orgánica del Sistema Universitario es el modelo de contratación de personal. Se propone introducir un nuevo tipo de contrato indefinido, limitando los contratos laborales temporales.**

*Celebra el día del Apóstol  
con bombones artesanos Piedras de Santiago*



*Piedras de Santiago  
Bombones Artesanos*

Elaborados por: **SANCOSA, S.L.**

Forniños, 53 • Cruceiro da Coruña • 15891 Santiago - A Coruña

Tels. 981 581 200 - 981 581 958 • [www.pedrasdesantiago.com](http://www.pedrasdesantiago.com) • [info@pedrasdesantiago.com](mailto:info@pedrasdesantiago.com)



Xacobeo 21-22  
Galicia



Concepción  
González Bello  
Catedrática de  
Química Orgánica.  
Investigadora principal  
no CIQUS

# A pandemia silenciosa

Quizá estean de acordo comigo que a pandemia causada pola aparición e a propagación a nivel mundial do coronavirus SARS-CoV2, supuxo un punto de inflexión nas nosas vidas. É insólito como un « virus » puxo en xaque a saúde e a economía global, facendo vulnerables a millóns de homes e mulleres.

As duras experiencias vividas nestes tres últimos anos permitiron apreciar o valor, no noso día a día, de moitas cousas cotiás das que quizás non eramos conscientes do seu impacto.

No día grande de Galicia e de Compostela, quero aproveitar este espazo que me brinda **El Correo Gallego** para concienciar, e reflexionar, sobre outra pandemia que desafortunadamente nos axexa silenciosamente, « as superbacterias ». Son bacterias resistentes a varios antibióticos de forma simultánea que actualmente ameazan o excelente arsenal de medicamentos que temos desenvolvido durante os derradeiros 70 anos, que permitiron curar enfermidades que antes eran mortais, como a lepra, o cólera, a peste bubónica, a pneumonía ou a tuberculose.

Os antibióticos, que moitos chamamos « salvadores de vidas », xa non funcionan como antes, sobre todo cando as bacterias infectan persoas con un sistema inmune débil, o noso mellor mecanismo de loita contra elas. As bacterias foron evolucionando, cambiando, adaptándose a nós, como fixo e o fai o coronavirus. Sobreviven facéndose fortes fronte aos antibióticos desenvolvendo mecanismos de evasión, « de escape », cada vez máis

sofisticados. Así fármacos que funcionaban ben, deixaron de ser eficaces, non sendo quen de eliminar a infección do paciente.

Isto é un problema que preocupa enormemente aos médicos e aos científicos, sobre todo no eido hospitalario, xa que os antibióticos son moi importantes para o éxito de moitas outras terapias relevantes. Por exemplo, en persoas sometidas a quimioterapia contra ao cancro, a diálise para a insuficiencia renal, a transplantes ou a cirurxía xeral. Nestes casos, os antibióticos permiten solucionar os cadros infecciosos, é dicir, as complicacións que a miúdo sofren estes pacientes e que comprometen a súa saúde e, con iso, a súa recuperación.

O uso abusivo e excesivo que temos feito deles durante anos, é un dos factores que disparou este problema ata os niveis actuais. Non eramos moi conscientes de que as bacterias vólvense resistentes como resposta o tratamento cos antibióticos. Canto máis os usemos máis resistencia imos ter xa que para elas é unha batalla « morrer ou vivir ».

A resistencia aos antibióticos ten ademais un enorme impacto económico nos sistemas de saúde e na sociedade. Así, o Centro Europeo para a

Prevenición e o Control de Enfermidades (ECDC) estima que ao redor de 25.000 europeos morren cada ano como consecuencia directa de infeccións resistentes a múltiples fármacos, o que supón un gasto de €1500 millóns en custos adicionais de atención ao paciente. Se a iso sumámoslle as melloras logradas no manexo das enfermidades crónicas, así como o envellecemento progresivo da poboación, a resistencia aos antibióticos está a chegar a niveis tan perigosos, que a Organización Mundial da Saúde (OMS) calcula que no 2050 as mortes por resistencia aos antibióticos superarán ás causadas polo cancro.

Isto levou á OMS para considerar hoxe en día á resistencia aos antibióticos, unha das tres maiores ameazas para a saúde humana nas próximas décadas.

Como científica traballando no eido das enfermidades infecciosas, penso que a pandemia demostrou con claridade o terrible custo de non estar preparado contra as infeccións causadas por microorganismos patóxenos, e que non é posible desenvolver unha « cura » para mañá, por moito que apuren os investigadores.

Confío que o vivido co COVID-19 permita « atraer maior vontade política » na aposta pola investigación en xeral, e no eido das enfermidades infecciosas en particular. A resistencia aos antibióticos avanza máis lentamente que o virus, pero a súa evolución é implacable.

**As bacterias foron evolucionando, cambiando, adaptándose a nós, como fixo e o fai o coronavirus. Sobreviven facéndose fortes fronte aos antibióticos desenvolvendo mecanismos de evasión, « de escape », cada vez máis sofisticados.**

E-15-000246

OPTICA Rilo  
Ópticos Optometristas

C./Travesía de Cacheiras, 12 Portal 7  
Cacheiras - Teo (A Coruña)  
Tel.: 981 80 71 43  
www.opticarilo.com

RALPH LAUREN PRADA Ray-Ban Persol D&G  
SARAGHINA M JIMMY CHOO Just Cavalli OAKLEY  
SALVATORE FERRAGAMO TOUS Chopard VOGUE ZEN  
etnia Q MARCELONA LIU-JO ...las mejores marcas

**2x1 EN GAFAS DE SOL**  
Excepto Ray-Ban

**CHEGAR E ENCHER**  
Orgullosos da nosa lingua,  
da nosa retransca, dos  
nosos refráns e, sobre  
todo, da nosa terra.

O noso é chegar e encher,  
encherte de enerxía e de  
máis dun século de  
experiencia.

25 XULLO  
FELIZ DÍA, GALEGOS  
# APÓSTOLO 2022

Ulla Oil  
sempre en marcha

**Estanco - Loterías Camiño Francés**  
Expendeduría nº 35  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Luns a venres  
de 8.00 a 22.00 h  
Sábado  
de 9.00 a 22.00 h  
Domingos e festivos  
de 9.00 a 14.30 h

Loterías y Apuestas  
del Estado

Avda. Camiño Francés, 4  
Santiago de Compostela  
T. 881 972 484  
(Fronte ó centro  
comercial As Canceiras)

TABAÇO  
LOTERÍAS  
PRENSA  
A sorte  
do Camiño

Síguenos en facebook.com/estancocaminofrances

Herbón  
denominación de orixe protexida

No hay nada tan nuestro  
Feliz Día de Galicia

galicia  
calidade

PEMENTOS CARMUCHA  
HERBÓN

Herbón, 148 | 15915 Padrón  
T. 981 81 16 96 - 649 218 135



Xacobeo 21-22  
Galicia



Rosa  
Crujeiras Casais  
Directora científica, en  
funcións, do CITMAga

# O mellor de nós

Aínda que a dixitalización teña aniñado en todas os recantos do cotián, sobreviven pendurados nalgunhas cociñas, eses almanagues de papel con algún motivo floral ou algunha propaganda dun negocio da terra, aos que se lles rachamos as follas co paso do tempo. Uns almanagues nos que os días sinalados, coma o de hoxe, aparecen en vermello, coma se dunha alarma visual se tratase, obrigándonos a lembrar o acontecido nesa data ou noutra próxima.

Todas e todos temos os nosos días vermellos particulares, vencellados a acontecementos familiares ou profesionais. Días que poden ser propios ou compartidos. De fondos pesares ou de ledicias infundas. Confésolles que no meu almanaque non hai moitas datas anotadas, e que estas non se soen corresponder con feitos puntuais, se non máis ben con finais (ou comezos) de traxectos, aos que se chega (ou dos que se sae) frecuentemente en compañía.

Unha desas datas é o 19 de agosto: fai un ano, ese mesmo día, creábase o Centro de Investigación e Tecnoloxía Matemática de Galicia, o CITMAga, como consorcio das tres universidades públicas de Galicia, símbolo do compromiso das tres institucións co desenvolvemento económico e social. Un compromiso que se torna tanxible no só na formación das mellores xeracións de profesionais de todas as áreas, senón tamén nas colaboracións das tres universidades para a posta en marcha de iniciativas únicas no eido da docencia, a investigación e a transferencia de coñecemento.

Destá volta, as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo, teñen xuntado as capaci-

dades matemáticas para apostar pola creación do CITMAga, desenvolvendo unha axenda científica orientada á resolución dos retos globais, en ámbitos como a vida e a sustentabilidade, as humanidades dixitais e a competitividade industrial, fomentando e apoiando a investigación motivada pola curiosidade que leva a avances do coñecemento, e cun claro compromiso coa transferencia do coñecemento a outras áreas e ao tecido produtivo.

Con 93 investigadoras e investigadores vinculados, das tres universidades, 45 investigadoras e investigadores en formación e 30 persoas traballando connosco, en xestión da investigación e no desenvolvemento de proxectos de investigación e de transferencia, as persoas que *facemos CITMAga* aspiramos a converter o noso centro nun referente nacional e internacional polos nosos resultados científicos e polo noso impacto económico e social; constituíndo un pilar de excelencia no ecosistema de innovación e investigación de Galicia, e realizando a nosa actividade promovendo e respectando a ética, a transparencia e o rendemento de contas, a responsabilidade social, o compromiso coa Ciencia en Aberto e por suposto, a igualdade.

Cun 40% de investigadoras vinculadas, pero tan só un 20% de investigadoras en formación, evidenciamos

a falta de relevo nas profesionais das matemáticas no ámbito científico-académico. Por iso, debemos dedicar esforzos a visibilizar referentes para fomentar as vocacións femininas, pero tamén debemos traballar porque as mozas sexan quen de chegar ás metas que se propoñan na súa carreira científica.

Castelao, no comezo de *“Os dous de sempre”*, fai unha dedicatoria á mocidade galega na que di que escribir a novela lle prestou *“horas de vida feliz”* e que xa se daría por satisfeito co que se divertira no proceso de escribila; pero que a obra fora imaxinada con tanta ledicia e composta con tanto agrimo que algo tería de bo... conclúe que quizais non sería unha grande obra, pero que era tan súa que non podería ofrecer nada mellor.

A posta en marcha do CITMAga supuxo un reto importante para a nosa comunidade, e sen dúbida gañamos xa co feito de concibilo. Pero certamente, se puxemos todo o empeño en imaxinar CITMAga, cumpría facelo realidade, marcalo nos nosos almanagues, e ofrecelo ao noso país. A piques de celebrarmos o seu aniversario, na comunidade do CITMAga sentímonos orgullosos de que hoxe sexa realidade; comprometidos coa encomenda de servizo e dispostos a amosar todo o que as Matemáticas poden contribuir á mellora do noso benestar. O CITMAga é sen dúbida o mellor que a comunidade matemática galega pode ofrecer ao país e de seguro que, para facelo medrar, daremos o mellor de nós.

**Cun 40% de investigadoras vinculadas, pero tan só un 20% de investigadoras en formación, evidenciamos a falta de relevo nas profesionais das matemáticas no ámbito científico-académico. Debemos dedicar esforzos para fomentar as vocacións femininas.**



Xacobeo 21-22  
Galicia



Azucena  
Mora Gutiérrez  
Directora da Unidade  
de Seguridade  
Alimentaria y  
Resistencia del LREC

# Lugo, Campus Terra: se hace camino al andar

Aprovecho el privilegio de poder comunicarme con los lectores de *El Correo Gallego* en el Día de Galicia, para dar protagonismo al hermano “pequeño” de la Universidad de Santiago de Compostela, el Campus Terra, emplazado en la histórica ciudad de Lugo. Ciudad testigo del caminar de los primeros peregrinos que atravesaban la Ruta Jacobea Primitiva, y sede de una impresionante riqueza arqueológica heredada de la ciudad romana de *Lucus Augusti*. No en vano, la provincia de Lugo cuenta con varios tesoros declarados Patrimonio de la Humanidad por la UNESCO: la muralla romana de Lugo y los Caminos de Santiago Francés, Primitivo y Norte, incluidas las catedrales de Lugo y Mondoñedo en la declaración de estos dos últimos.

En este marco privilegiado nace el Campus Terra de Lugo, como resultado del acuerdo entre la USC y la Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia, con la firme intención de transformar este Campus en un referente científico y social en los ámbitos del conocimiento vinculados a la sostenibilidad económica, social y medioambiental de los recursos de la tierra. Este objetivo global ha conducido a focalizar la espe-

cialización de nuestro Campus sobre cuatro ejes principales, que aspiran a vertebrar una estrategia de I+D diferencial para el sector primario de Galicia: Producción Vegetal y Agricultura Sostenible, Producción y Salud Animal Sostenible, Alimentación Segura y Gestión Forestal Sostenible. Nuestro Plan Estratégico para el Campus Terra contempla, por tanto, los desafíos prioritarios del Pacto Verde Europeo (desarrollo de prácticas sostenibles) y los retos de la Estrategia de Especialización Inteligente (RIS3) definidos para el periodo 2021-2017 en Galicia.

Es un orgullo formar parte del engranaje docente y científico del Campus de Lugo, donde nuestra principal preocupación es apostar porque las nuevas generaciones encuentren el nicho idóneo para quedarse, para volver, para captar más talento... Como tantos otros investigadores, conozco de primera mano, lo que supone el peregrinaje en

busca de estabilización. Me consolidé en este Campus gracias al Programa Estatal para Desarrollar, Atraer y Retener Talento: Ramón y Cajal. Estabilizarse te proporciona el sosiego de orientar tu trabajo con perspectiva, en mi caso en un tema tan prioritario, como es la lucha contra la resistencia a los antibióticos y el desarrollo de estrategias “de la granja a la mesa”, con objeto de mejorar la seguridad alimentaria bajo la perspectiva de Una Única Salud (One-Health).

Por experiencia sé que es un poquito más difícil (o lento) crecer cuando no tienes todos los recursos a mano, pero es verdad que el empeño, la búsqueda de sinergias sin prejuicios ni complejos, a la larga da sus frutos. Ahora, lo principal es luchar por la gente que se va sumando, para que todo fluya de forma más eficaz (o “a la corta”), y el Campus Terra es el ecosistema perfecto por el que se debe apostar.

Porque ...”se hace camino al andar”, como decía Antonio Machado en uno de sus poemas. Y, afortunadamente, en Galicia tenemos Camino...¡Feliz Día!

**Nace el Campus Terra con la firme intención de transformar este Campus en un referente científico y social en los ámbitos del conocimiento vinculados a la sostenibilidad económica, social y medioambiental de los recursos de la tierra.**



Xacobeo 21-22  
Galicia



Elena  
Vázquez Cendón  
Decana da Facultade  
de Matemáticas da USC

# Aplicación Espello 2022

Os anos conteñen o que lles metemos, e este ten unha guerra explícita que leva a valorar as persoas do presente no día de Galicia do 2022.

Os espellos ucraínos están quebrados para persoas que fai uns meses brindaron coma nós polo 2022, e se tentamos empregalos pulindo a lente da empatía, máis que un retrato vemos un quebracabezas que contén pezas compartidas. Eses espellos só reflectirán beleza se instalamos nas nosas mentes unha aplicación espello que proxecte equidade e que fusione os seus anacos coa paz. É preciso que a accionen neuronas espello as persoas de ambos bandos con responsabilidades políticas.

Confeso que empecei a instalar esta aplicación ao responder en diferentes encontros sobre a presenza das mulleres en diferentes estudos relacionados coas matemáticas e a informática. Sempre falamos de referentes.

No comezo desta encomenda, ao decatarnos de tantas mulleres descoñecidas e non recoñecidas, tentamos duplicar obxectivos. Comezamos proxectando grandes referentes e as nenas e das mozas precisaban de grandes castelos, para dispor de longas paredes onde colgar os espellos. E as paredes ás veces remataron sendo as súas costas, e o conto rematou en traxedia, coa lumbalxia mental do síndrome da impostora...

Hoxe quero convidalas e convidalos a mudar o final do conto, a sacar referentes dos castelos, e a instalar nas nosas mentes unha aplicación lixeira e natural. O reflexo nun regato de persoas admiradas e próximas é suficiente para activar neuronas espello.

Fai pouco participamos nun programa de A Ciencia é Feminino tres estudantes da novena, unha da décimo terceira promoción do Programa Estalmat-Galicia e quen escribe.

Ariana liderou o programa formulando valiosas preguntas que as miñas admiradas Aldara, Isabel, María e Kenya despois de responder rebotaban entre elas. Unha foi de referentes, e moi sabiamente Aldara dixo que máis que a persoas concretas ela admiraba cualidades de persoas.

Ela xa ten feita a súa aplicación espello. Un quebracabezas no que cada peza é valiosa por si mesma e integra valores admirados para proxectar a propia imaxe.

Compartirei hoxe que vexo no regato cristalino, sumando xa as compañeiras de dito programa.

No encontro organizado este mes por FEMURO en Verín, dedicado a romper teitos de cristal, eu lembrei ao Sr. Arias, profesor de Física e Química do IES As Lagoas de Ourense, quen fixo que a Física fose a miña primeira vocación, e que xusto nos deixou o día de San Pedro. Aprendín, como moitos colegas do instituto, dun gran mestre e dun señor da Física.

Deste centro sempre agradeceréi o recibido de todas e todos os docentes. Sen as súas pezas estaría incompleto o meu espello.

O quebracabezas reflexivo é unha colección de cromos que a vida che vai dando en sobres e ti decides abrir.

A primeira entrega é na casa, eu abrina antes de nacer, a miña nai, ela é a referente de sabia e emprendedora que sabía ver onde apostar o futuro. Esta é unha peza única, un dos cromos que non cambias, dos que o editor da colección puxo en poucos sobres. Tela, recoñecela e poder dicirllo en vida e vivir a súa morte, como no caso do

Sr. Arias, e colocar o cromo no sitio exacto do espello.

Hai outra peza que ten sido protagonista na sección da *Mandala* deste xornal. Está afinada, feita moi a medida e agora da puntadas sen fios en soños, é o meu pai. Este curso pasouno comigo e partillamos os cantos dos canarios e dos merlos, o elegante movemento da garza, o vestido do Fontán e o lume, provocando que unha adolescente reparase no seu flow. Outro dos cromos que se cambiase sería outra persoa. Vexo esta peza nas miñas mans, pola xenética compartida, enfiando matemáticas e sentimentos con feitos.

Hoxe, no día de Galicia, desexo que se recompoñan os espellos ucraínos, e que vostedes ao instalar a aplicación espello identifiquen todas as súas pezas valiosas, e recoñezan sempre o seu propio rostro con moito afecto, seguro que aparece noutros espellos nos que vostedes son referentes nun regato cristalino!

**A primeira entrega é na casa, eu abrina antes de nacer, a miña nai, ela é a referente de sabia e emprendedora que sabía ver onde apostar o futuro. Esta é unha peza única, un dos cromos que non cambias, dos que o editor da colección puxo en poucos sobres.**



PÉREZ - LEMA  
Avogados e consultores

Moitos azos e o mellor  
asesoramento legal  
para esta nova xeira.

Bo Día da Patria!

www.xoanantonperezlema.com

881 964 020

Rúa Santiago Rey Fernández Latorre, nº 57, 7º (edificio Apolo 2)  
Esquina Ramón y Cajal - Fronte ao Corte Inglés, 15006 A Coruña





Xacobeo 21-22  
Galicia



M. Elena  
López Lago  
Decana da Facultade  
de Física da USC

# Non mordas a man de quen che da de comer

Non é novidade afirmar que a cidade de Santiago de Compostela está sustentada en tres pilares: administración autonómica, universidade e turismo. Estes deberían ter sido suficientes para facer de Santiago unha gran vila que superara hai tempo o teito dos cen mil habitantes.

Unha oportunidade perdeuse cando se adxudicou a Santiago a capitalidade autonómica. A escaseza e carestía da vivenda obrigou a moitos traballadores a instalarse en municipios veciños. Este comportamento sostívose no tempo favorecendo o crecemento dos concellos lindeiros ao longo dos últimos 30 anos, que acollían a todos aqueles que non podían adquirir unha vivenda acorde aos seus gustos ou necesidades na capital galega. Ames, con máis de 32.000 habitantes, destaca por ser un dos dous concellos galegos con saldo vexetativo positivo, categoría que perdeu este ano o Concello de Oroso cun saldo de -4.

Con respecto á universidade, durante os anos 80, corenta mil estudantes se instalaban cada curso na cidade e tanto o sector inmobiliario como a hostalaría estaban volcados neles e na poboación permanente. A creación das universidades de Vigo e Coruña, a proliferación das mesmas no territorio español e o descenso demográfico supuxeron unha caída importante do número de alumnos. Esta redución repercutiu na economía da cidade pero o pulo dado ao Xacobeo a partir do ano 1993 propiciou que a hostalaría, comercio e o sector de aluguer reaccionara orientándose progresivamente aínda máis ao turismo, o terceiro pilar.

As consecuencias do confinamento e distancia social puxeron de manifesto as debilidades da economía santiaguesa á que lle costaba sobrevivir sen a axuda dos turistas, dos universitarios e dos veciños dos concellos lindeiros, en especial Ames e Teo que superan entre os dous os 50.000 habitantes.

Na recuperación da normalidade e na declaración dun bienio Xacobeo, o sector do aluguer veu unha oportunidade de recuperar o tempo perdido dedicando a maioría das vivendas a aluguer vacacional, que ten certas vantaxes fronte ao aluguer de longa duración: máis ingresos, menos desgaste da vivenda ao tratarse de estadias curtas, máis control sobre o estado da vivenda, por exemplo.

E, de novo Santiago non pode ofrecer vivenda digna a un prezo digno nin ás familias nin a estudantes universitarios.

Non vou a entrar a analizar sobre cal debe ser o destino dos pisos en propiedade. Pero o que está claro é que hai que darlles unha alternativa a eses dous colectivos.

Garantindo, por un lado, un lugar para vivir; e por outro un prezo razoable que poidan afrontar as familias cando nos alcance o declive económico que se anuncia que está por vir.

Con respecto ao estudantado con praza na USC, se a situación do aluguer non mellora, contéplanse dúas posibilidades a curto prazo, aínda que non de implementación inmediata. A primeira é que concello e universidade se poñan de acordo para transformar edificios baleiros en residencias universitarias. Un bo destino sería o Hospital Vello de Galeiras. Beatriz Castro facía referencia en **El Correo Gallego** a un novo Burgo das Nacións adaptado aos tempos como medida desesperada.

A segunda, que non favorece a Santiago, é facilitar que se poidan instalar nos concellos veciños que non teñan saturado o mercado de aluguer. Para elo debe mellorarse a frecuencia do transporte público entre as vilas principais pensando tanto na actividade académica como no ocio, aínda que este último é fácil que tamén se traslade cando un volume importante de estudantes se concentre nesas vilas. Trátase dunha oportunidade para os concellos cercanos menos poboados. Ollen o mapa.

Sorte ten Santiago de que a pandemia puxo de manifesto os problemas de ensinanza telemática. De non ter sido así, moitas familias optarían por este tipo de docencia nuns tempos caracterizados por unha inflación elevadísima resultante dunha crise enerxética sen precedentes de escura orixe. Non perdamos o tempo e aseguremos o futuro.

Feliz 25 de xullo

As consecuencias do confinamento e distancia social puxeron de manifesto as debilidades da economía santiaguesa á que lle costaba sobrevivir sen a axuda dos turistas, dos universitarios e dos veciños dos concellos lindeiros.

VIVIR TOURO é SENTIR GALICIA

Concello de Touro  
www.concellodetouro.com



Cervela  
a pastelería

#### DESPACHOS:

**A ESTRADA**  
• Avenida de Pontevedra, 9 • T. 986 570 121  
• Calvo Sotelo, 46 • T. 986 573 616  
**CUNTIS**  
• Jesús Sánchez, 4 • T. 986 548 728

**CALDAS DE REIS**  
• Travesía Sagasta, 26 • T. 986 530 895  
**SANTIAGO DE COMPOSTELA**  
• Avda. de Vilagarcía, 31 • T. 881 976 670  
• Rúa Restollal, 50 • C. Comercial Hipercor  
• Agro do Medio s/n • Supercor • Ames - Milladoiro

**OBRADOIRO:** Avda. de Pontevedra, 101 A Estrada • T. 986 570 394 • F. 986 573 542

Deséxalles  
Feliz Apóstol  
www.pancervela.com



Lestedo - Tel. 981 503 275 • 15881 Boqueixón (A Coruña)

Cooperativa  
Leiteira  
Pico Sacro, S.C.G.

Feliz Día  
de Galicia



Xacobeo 21-22  
Galicia

# Mirando a Galicia desde o Xornalismo e a Comunicación



Ana Isabel  
Rodríguez Vázquez  
Decana da Facultade  
de Ciencias da  
Comunicación da USC

Comezo esta breve reflexión recollendo unhas ideas do último informe que publicou o Consello da Cultura Galega, en 2015, sobre a Comunicación en Galicia. Daquela, presentábase un escenario renovado, marcado pola accesibilidade e a mobilidade nun mundo conectado por Internet, e cun desafío incipiente: estar no mundo en galego e como galegos/as. Nese contexto, a existencia dunha industria da comunicación en Galicia permitía asentar esa comunicación con voz propia na dobre tendencia entre o global e o local.

Hoxe, algo máis dun lustro despois, seguimos adaptando o xornalismo e a comunicación ás esixencias do século XXI, aprendendo a convivir coa necesidade de manter unha reputación e credibilidade diante da sociedade que reclama poder confiar nos medios, e de acertar cos modelos de negocio e de monetización que permitan facer produtos de calidade capaces de atraer a unhas audiencias cada vez máis fragmentadas, hiperconectadas e móbeis. E debemos afrontar este escenario, ademais, sen deixar de valorar que a nosa esencia está en facelo desde unha perspectiva galega e en galego.

E aí atopamos á Facultade de Ciencias da Comunicación da Universidade de Santiago de Compostela (USC), que leva xa 30 anos traballando mesa dirección, desde que botou a andar no curso 1991-1992. Primeiro desde a Praza de Mazarelos, e actualmente desde un edificio singular do Campus Norte asinado polo premiado arquitecto Álvaro Siza.

Se nos anos 90 houbo que situar os estudos de Xornalismo desde a periferia galega no mapa de titulacións dos estudos de Comunicación a nivel estatal, e houbo ademais que conectar aquela primeira licenciatura cun tecido empresarial galego -e de máis aló de Galicia- que estaba en expansión, hoxe, con este reto acadado, miramos cara un novo mundo. Conscientes de que non son

tempos doados para as empresas de comunicación, cando os mundos reais danse a man cos virtuais no que xa coñecemos como o metaverso, entendemos que o Xornalismo e a Comunicación seguen a ser imprescindibles... e, incluso, son aínda máis imprescindibles ca sempre...

E que o público o valore é un gran desafío, especialmente as xeracións máis xóvenes. Entre os nativos sociais (mozos/as de entre 18 e 24 anos que medraron no mundo da internet social) e os nativos dixitais (os de 25 a 34 anos que medraron na era da información), están os grupos de audiencias fundamentais para a sustentabilidade do xornalismo e da comunicación que se viron obrigados a xogar na división das redes sociais, como principais puntos de encontro entre a oferta e a demanda.

Intentando responder á pregunta sobre que atrae tanto ao público xoven das redes sociais?, informes de prestixio mundial como o *Digital News Report 2022* identifican algúns elementos para o debate: por exemplo, o estilo informal e entretido das plataformas visuais (especialmente o vídeo online); a personalización e a diversidade fronte a medios tradicionais como a TV; e o sentido de comunidade para atopar intereses de nicho.

E aí atopamos o valor da proximidade. Aínda estando baixo unha gran presión financeira a medida que a atención da audiencia e as vías de financiación desvían-

se cada vez máis cara as grandes plataformas e outros competidores, os medios e as empresas de comunicación de proximidade desempeñan un papel fundamental na sociedade actual. E neste contexto, o potencial que ofrece Galicia é inmenso.

Por iso, porque é a nosa obriga, e tamén a nosa vocación, queremos seguir contribuíndo e poñer ao dispor da sociedade xs mellores profesionais, ao tempo que seguimos traballando por ser un lugar de referencia para a formación continua dxs que xa exercen a profesión. Con esa finalidade, exploraremos a microformación como vía de aprendizaxe ao longo da vida.

Traballaremos para conectar máis e mellor a nosa Facultade co tecido profesional galego, reforzando as relacións coas institucións, as empresas, órganos colexiados e asociacións profesionais.

E aí está o principal valor, pero tamén o maior reto. Seguir cumprindo, seguir sendo útiles á sociedade en xeral. No noso camiñar, apostamos por continuar co excelente labor dos equipos decanais anteriores que situaron á Facultade de Ciencias da Comunicación como un centro estratéxico para a USC; por impulsar a transversalidade das nosas titulacións no conxunto da oferta formativa da Universidade; por reivindicar a implicación social que ten a Comunicación; por ofrecer ao noso alumnado a mellor formación posible abrindo as portas a que participe activamente na vida universitaria, e por reforzar a nosa conexión coas institucións, as empresas, os colectivos profesionais, e coa sociedade.

Farémolo con rigor, empatía, buscando a excelencia e traballando en equipo. Queremos ser un motivo de orgullo e oportunidades para a sociedade galega.

Feliz 25 de Xullo!!

**Os medios e as empresas de comunicación de proximidade desempeñan un papel fundamental na vida actual, aínda estando baixo unha gran presión financeira. Neste contexto, o potencial que ofrece Galicia é inmenso.**

LOUSAME

Feliz Día do Apóstolo

MIRADOR A MURALLA

Concello de  
**LOUSAME**  
[www.concellodelousame.com](http://www.concellodelousame.com)

A CULTURA DISPERSA POR ROIS

**A.C. ROSALÍA DE CASTRO**  
Domingo 7 de agosto  
Campo da festa de ROIS  
Á saída da misa solemne

OS JAITAS BLUE

Domingo 7 de agosto  
Campo da festa de AUGASANTAS  
Á saída da misa solemne

BANDA DA ESCOLA DE MÚSICA DE RIANXO

Luns 15 de agosto  
Campo da festa de URDILDE  
Á saída da misa solemne

BANDA DE MÚSICA DE LOUSAME

Mércores 17 de agosto  
Campo da festa de OÍN  
Á saída da misa solemne

FANTOCHES BAJ

'O tranvía Leonardo' (narración oral)  
Xoves 25 de agosto  
Campo da festa de SEIRA  
20.00 h.  
Promove: S. X. de Política Lingüística

CELSO F. SANMARTÍN (contador de historias)

Domingo 28 de agosto  
á tardiña  
Campo da festa de LEROÑO  
Despois das Olimpíadas Leroñenses

CONCELLO DE ROIS

XUNTA DE GALICIA

Deputación da Coruña

Rede Cultural



Xacobeo 21-22  
Galicia



Pilar  
Bermejo Barrera  
Académica da RAGC

As tres universidades galegas alcanzaron un bo nivel en relación ás titulacións que se imparten nelas, na investigación que desenvolven e na transferencia que realizan ao sector empresarial, así como na xeración de novas empresas.

# Universidades galegas: fundamentais para o progreso do país

Gustaríame comezar por agradecer a **El Correo Gallego** esta nova invitación para participar no suplemento especial do Día de Galicia. Vou aproveitar esta oportunidade para destacar o importante papel que a día de hoxe ten a Universidade galega en relación coa mellora da nosa sociedade.

Hoxe podemos dicir con satisfacción que o Sistema Universitario Galego, malia ter que seguir a mellorar, goza de boa saúde. É un sistema consolidado e forte. Un sistema no que até a data predominan as universidades públicas, que prestan un servizo fundamental á Comunidade Galega facilitando o dereito universal á educación superior a toda a súa poboación. As tres universidades galegas alcanzaron un bo nivel en relación ás titulacións que se imparten nelas, na investigación que desenvolven e na transferencia que realizan ao sector empresarial, así como na xeración de novas empresas.

Mais non podemos quedarnos na auto compracencia, xa que nos últimos anos, as tres universidades públicas de Galicia perdemos posicións a nivel internacional, mentres que outras universidades moi próximas do noso querido país veciño, Portugal, incrementaron considerablemente o seu posicionamento. Xa sei que moitos non cren nos rankings (eu tamén son bastante escéptica neste tema), pero cando a

tendencia se mantén ao longo dos últimos anos, creo que debemos preocuparnos e facer unha profunda reflexión.

Que esta pasando? Aínda que non é fácil responder a esta pregunta porque as causas poden ser moi diversas, gustaríame expor algunhas posibilidades.

En primeiro lugar, o problema do financiamento que se recibe, na actualidade claramente insuficiente se queremos estar no primeiro nivel. A modo de exemplo e a nivel nacional, mentres que en Galicia só se inviste o 0,94% do PIB en I+D, no País Vasco alcánzase un 1,96%. Isto é, máis do dobre. Isto é un claro factor limitativo, aínda que non o único. Nin moito menos.

Outro aspecto a destacar é o modelo que se utiliza, que na miña opinión debe adaptarse aos novos tempos e ser moito máis flexible e rápido para poder facer os cambios que a sociedade nos demanda. Non pode ser que, para poñer enriba da mesa un novo título universitario, se tarde case catro anos desde que se ten a idea e se ve a súa necesidade. O mundo actual móvese moito máis rápido e non podemos perder ese tren.

E o terceiro aspecto que me gustaría destacar é o factor humano. Por unha banda, a idade media do profesorado é moi alta. Cómpre tomar medidas urxentes para ir formado aos futuros profesores. Debido ás limitacións orzamentarias dos anos pasados non houbo reposición de vacantes e nalgúns casos estanse presentando problemas importantes.

Por outra banda, débese salientar as dificultades

de reincorporación dos investigadores que se atopan fóra, debido aos actuais problemas de estabilización de profesorado. En moitos casos non se consegue un posto digno antes dos 40-45 anos, por iso medra a desafección dos mozos polo seu futuro na Universidade. Estes problemas relacionados coas persoas deben ser abordados con urxencia.

Porén, a pesar destes problemas comentados anteriormente, as universidades galegas facemos ben o noso traballo. Os nosos egresados son ben valorados e somos capaces de responder á demanda da sociedade galega. Ademais, como consecuencia do coñecemento que achegamos, xéranse novas demandas que poden mellorar notablemente o noso sector produtivo en ámbitos estratéxicos neste momento. Pénsese, por exemplo, na intelixencia artificial, na robótica, nos novos materiais de gran importancia en temas como a enerxía, na saúde, no medio ambiente ou na dixitalización entre outros.

A modo de exemplo, podemos citar a evolución das empresas tecnolóxicas en Galicia, moitas delas xeradas a partir das universidades. No ano 2020 as tecnolóxicas galegas supoñían o 30% do total de empresas españolas, e na actualidade Galicia é a segunda comunidade a nivel nacional que máis empresas biotecnolóxicas crea. As universidades galegas tamén somos relevantes noutros ámbitos das Humanidades e das Ciencias Sociais.

Pregúntome até onde poderíamos chegar se tivéssemos os medios materiais e humanos axeitados.

TGM  
TOLDOS GÓMEZ

Mucho más que toldos

t. 981 50 02 02  
www.toldosgomez.com



PROTECCIÓN SOLAR



CONFECCIÓN DE TEXTILES TÉCNICOS



IMPRESIÓN DIGITAL Y ROTULACIÓN



CINTAS DE TRINCAJE Y ELEVACIÓN



CARPAS Y ESTRUCTURAS



LONAS PARA EL TRANSPORTE

Estamos en:



Lg. Raído  
San Vicente de Burres S/N  
Arzúa ( A Coruña)



Parque Empresarial de Arzúa  
Rúa Talabarteros parcelas 11 y 13  
Arzúa ( A Coruña)



P. Ind. del Tambre  
Vía Galileo, 7  
Santiago de Compostela



P. Ind. de Bergondo  
C/ Parroquia Cortiñán, 1-3  
Bergondo ( A Coruña)





Xacobeo 21-22  
Galicia



Carmen  
Guisán Seijas

Catedrática jubilada de  
Econometría de la USC

# Educación, desarrollo y calidad de vida

**50** Años de investigación: Desde mi experiencia de más de 50 años de investigación económica internacional, me gustaría que el desarrollo económico sostenible se abordase desde políticas económicas útiles y realistas, teniendo en cuenta el importante papel de la Educación en la calidad de vida internacional. Desde mi Tesis Doctoral, sobre el desarrollo en los países de la OCDE, leídas en 1975, hasta mis más recientes investigaciones de los años 2020-2022, sobre el desarrollo económico sostenible de 164 países de todo el mundo, han transcurrido varias décadas en las que he dedicado decenas de miles de horas a la investigación y dirigido muchas Tesis Doctorales relevantes, así como publicado otros estudios en artículos y li-

bros en varias lenguas: español, inglés, francés, portugués y gallego

Necesidad de una mejor política europea: En vez de la política actual europea de pretender que “el cambio climático” se resuelva sacrificando el desarrollo económico de varios países de Europa, habría que abordar el tema a nivel mundial poniendo el énfasis en la importancia de la Educación en los países en vías de desarrollo, por sus importantes consecuencias positivas para el medio ambien-

te y la calidad de vida de todos los países. El 85% del incremento de la contaminación mundial por CO2 en el período 1970-2015 no se debe a Europa sino a muchos países en vías de desarrollo.

Educación y calidad de vida, perspectiva mundial: En el período 1995-2019 los valores medios de producción real por habitante, mejoraron en cada uno

de los países individuales, por conflictos especiales, como es el caso de Ucrania y Rusia, pero en promedio el mayor nivel educativo mejora la calidad del gobierno, la paz y la calidad de vida.

Política industrial e I+D en España: El incremento de la Producción real por habitante de España ha permitido mejorar la tasa de Empleo pero no mejorar el salario real medio (el salario bruto ha pasado de 24.02 a 24.47 miles de Dólares del año 2000 por trabajador en el período 1995-2019), debido a una insuficiente producción industrial por habitante que ha pasado de 2.25 a 2.01 miles de Dólares en 1995-2019 y a un insuficiente apoyo a la investigación (I+D). Hay poco apoyo a los investigadores jóvenes y de edad intermedia, y por supuesto nulo o casi nulo apoyo a los investigadores de la tercera edad. Algunos investigadores tienen salud suficiente para ser útiles a la sociedad cuando cumplen los 70 y los 75 años y debería de haber fórmulas de colaboración con universidades, CSIC y otras instituciones, y no marginarlos en un país que tanto necesita la I+D.

Calidad de vida a nivel regional: En el estudio de la OCDE sobre bienestar en 402 regiones de numerosos países industrializados, <https://www.oecdregionalwellbeing.org/>. Galicia, y varias regiones españolas, destacan positivamente en los indicadores de atención a la salud, seguridad y medio ambiente, y están por algo debajo de la media en indicadores de empleo, renta y satisfacción con la vida.

**Indicadores de desarrollo y calidad de vida en 164 países:  
Grupos 1 y 9, Media mundial y España.  
(PH en miles de Dólares per cápita a precios y paridades de 2017)**

GRUPOS	PH95	PH19	Incr.	Tyr 10	Fer 19	X1 Happi	X2 Gov	X4 Peace	XM Media
1	1172	1668	496	3.38	4.82	4.25	3.12	4.00	3.79
9	50482	69249	18767	11.66	1.53	7.07	8.24	6.30	7.20
Mundo	9886	16135	6249	8.09	2.40	5.35	5.0	4.80	5.38
España	29042	40804	11762	9.40	1.24	6.49	6.78	5.95	6.41

**Nota:** PH es producción real por habitante en los años 1995 y 2019. Incr. es el incremento. Tyr es el indicador de años de escolaridad de la población adulta en 2010, Fer es el número medio de hijos por mujer a lo largo de su vida, según cómputo del año 2019. X4 es un indicador de Paz y XM es la media de X1, X2 y X4. Véase Entrada 47 del Blog <https://economydesarrollointernacional.blogspot.com> Fuente: Guisán(2021). Revista AEID Vol. 21-2.

de los 9 grupos de países, de mi estudio de 164 países del mundo, pero muy poco en los países que tenían bajo nivel educativo durante dicho período. Hay mucha pobreza que puede y debe superarse si se impulsa la Educación. La siguiente tabla muestra grandes diferencias entre el grupo con menor y mayor nivel educativo, y el grupo máximo.

Todos los indicadores de calidad de vida de dicho estudio mejoran, en promedio en los grupos con mayor nivel educativo. Hay algunas ex-

Feliz día de Galicia

Sostibilidade • Innovación • Riqueza

Erimisa 100% sostibilidade



Xacobeo 21-22  
Galicia

# El botafumeiro como símbolo de concordia



Milagros  
Otero Parga

Catedrática de Filosofía  
del Derecho de la USC

¿Para qué sirve un incensario? Para incensar, es decir para alabar a alguien. De modo que en el caso del botafumeiro de la catedral de Santiago debemos establecer que en primer lugar sirve para alabar a Dios y ofrecerle nuestras plegarias y buenas obras.

Hoy se celebra la fiesta de Santiago, el Santo Patrón de España. Las celebraciones comienzan el día anterior, el 24, pues ese día es cuando se lanzan los Fuegos del Apóstol que representan una gran tradición famosa en el mundo entero. Son muchas las personas que se acercan a la plaza del Obradoiro para poder presenciarlos, y otros muchos los contemplan desde sus casas pendientes del cielo compostelano, que ese día se adorna con numerosos colores que parecen querer competir con la belleza de las estrellas.

Cada año, el diseño se modifica en parte, tratando de colmar las expectativas de los santiagueños y de los visitantes, y cada año, al día siguiente, los más comprensivos y tolerantes alabarán la belleza del espectáculo, mientras que los más exigentes o inconformistas comentarán: ¡Qué barbaridad, que mal estuvieron los fuegos, cada año los hacen peor! El asunto creo, no tiene solución, pero eso es también parte de la tradición y de la idiosincrasia del propio pueblo.

Y hablando de fuegos permítanme que este año me detenga en uno de los más antiguos, que tienen relación con la catedral de Santiago, y por lo tanto con la misma ciudad que lleva el nombre del Señor Santiago. Me refiero al fuego que se enciende para hacer funcionar el botafumeiro. De él voy a hablarles en esta ocasión.

El botafumeiro es un gran incensario cuya función, dicen los estudiosos del tema, fue purificar el aire y el ambiente de la catedral, de los malos olores que necesariamente se producían por la llegada de los peregrinos que venían andando desde distintos lugares, sin lavarse muchas veces, sudorosos y cansados del camino.

La tradición establecía la necesaria acogida de estas personas dentro de la catedral para que pudiesen pasar la noche bajo techo cubierto y sagrado, después de haber culminado su viaje para postrarse a los pies del Señor Santiago.

Creo que esta interpretación es cierta y además lógica, el olor debía ser insoportable, y los gérmenes y virus que se podían transmitir inasumibles.

Pero no debemos olvidar la interpretación más extensa, la primera que deberíamos hacer. El botafu-

meiro es en realidad un incensario, un gran incensario, probablemente uno de los más grandes del mundo si no el mayor.

Y, nos preguntamos, ¿para qué sirve un incensario? Pues para incensar, es decir para alabar a alguien. De modo que en el caso del botafumeiro de la catedral de Santiago debemos establecer que en primer lugar sirve para alabar a Dios y ofrecerle nuestras plegarias y nuestras buenas obras; y, en segundo lugar, para purificar el ambiente y librarlo de los malos olores y de los posibles virus y enfermedades de todo tipo que trajesen los peregrinos a la catedral, evitando así que se extendiesen los contagios. Tiene pues un origen y una función esencialmente litúrgicos.

El botafumeiro que se usa en la actualidad, no es de plata, sino que está bañado en ella. Pesa 62 kilos cuando está vacío y mide 1,50 metros de altura. Inicialmente era completamente de plata, pero fue robado por las tropas de Napoleón en 1809, durante la guerra de la independencia.

He dicho que estos datos corresponden al botafumeiro que se usa en la actualidad, pues hasta 2006, momento en que se produjo una restauración, el instrumento anterior, pesaba 53 kilos porque no tenía el baño de plata.

Otro elemento importante para el correcto funcionamiento del botafumeiro es la cuerda que lo sostiene que está atada al crucero de la catedral. Su longitud es de 65 metros y 5 centímetros de diámetro y pesa aproximadamente 90 kilos.

Normalmente el botafumeiro, antes de su uso, pende de la cuerda que lo sujeta, y se sitúa un poco más abajo del altar mayor de la catedral, en la nave central de la misma. Cuando es necesario usarlo, se baja con cuidado aflojando las cuerdas que lo sujetan y se llena con una mezcla de carbón e incienso.

Para que arda el fuego es preciso traer unas brasas incandescentes que hacen que la mezcla introducida prenda inmediatamente. También ayuda, sin duda, el balanceo que poco a poco van imprimiendo las ocho personas que tiran de las cuerdas para moverlo.

A esas personas se les denomina *tiraboleiros*. Hace tiempo existía un *tiraboleiro mayor*, cuya función era poner en movimiento el botafumeiro y pararlo enfrentándose a él y colgándose de sus cadenas. Era realmente emocionante, pero ahora ya no existe esa figu-

ra y el botafumeiro va poco a poco parando hasta que se detiene por su propia inercia. Es una pena.

El botafumeiro puede llegar a alcanzar una velocidad de 68 kilómetros por hora desplazándose, cada vez más alto, por el crucero de la catedral desde la puerta de Platerías hasta la de Azabachería.

Lo cierto es que, es fácil pensar que pueda desprendarse, especialmente cuando alcanza su velocidad y altura más altas. Pero en realidad esto sucedió muy pocas veces. Una de ellas en 1499, cuando *Catalina de Aragón*, hija de los Reyes Católicos y esposa de Enrique VIII de Inglaterra, estaba de visita en Santiago. Al parecer se desprendió en alguna otra ocasión, en 1622 y en 1937, pero afortunadamente nunca hubo víctimas como consecuencia del accidente. La tradición compostelana dice que eso se debió siempre a la protección del Santo Patrón.

He dicho que el botafumeiro que se usa normalmente no es de plata, sino que está recubierto de ese metal precioso. Sin embargo, en el museo de la catedral se alberga uno de plata que fue obsequio de los Alféreces Provisionales, a la catedral de Santiago en 1971.


El origen del botafumeiro data del siglo XI, aunque el sistema de funcionamiento actual es más moderno. De hecho, el mecanismo de rodaduras, que es el que ahora se usa, se instaló en 1604.

Debo terminar y lo haré con una petición que explica de alguna manera, me parece, la elección del tema que he tratado.

Señor Santiago, hoy en el día que festejamos tu fiesta, y que también se ha convertido en el día da Patria Galega, quiero pedirte paz y concordia para todos los pueblos. Empezando por el nuestro, por Galicia, y continuado por el resto de Europa y hasta del mundo entero. Pienso fundamentalmente en Ucrania, pero existen otros muchos lugares igualmente necesitados de paz.

Que de la misma manera que el incensario de la catedral eleva nuestras peticiones a Nuestro Señor al mismo tiempo que purifica y limpia de malos olores el recinto de la seo compostelana, por tu intercesión desaparezcan los malos olores de las guerras, de las luchas, de las desigualdades, de las injusticias y se restaure lo antes posible un mundo de paz y concordia.

Creo que sin duda este sería el mejor uso que se le podría dar al Botafumeiro.



PULPERÍA - PARRILLADA

## O NEGREIRA

• Desfruta do noso polbo no Apóstolo •

RESERVA A TÚA MESA

881 031 891

AVDA SAN MARCOS, 4  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Porque a túa saúde  
merece as mellores mans



ORLANDO CONDE  
FISIOTERAPIA OSTEOPATIA

OSTEOPATÍA / ESPECIALISTA EN TERAPIA MANUAL  
ESPECIALISTA NA DOR MIOFASCIAL

www.orlandocondeosteopatia.es

Travesía do Restollal, - Nº 1 A - Bajo - Santiago • T. 981 071 686



Todo en  
climatización

## climatrás

Rúa a Graxa, 48, Portal 1  
Bajo B - Oleiros (A Coruña)  
T. 981 268 096 - F. 981 925 292  
M. 629 560 240

JA Construcións  
Rehabilitacións  
J. Alvite París  
alviteparis@gmail.com  
Tif. 629 270 879

- Edificación - Proyectos de obra nueva
- Infraestructuras
- Rehabilitación y reformas
- Coordinación de seguridad y salud

Lg A Santa, nº 1 • Muiño - ZAS - A Coruña | [www.alviteparis.es](http://www.alviteparis.es)



Xacobeo 21-22  
Galicia



**Milagros  
Fernández Pérez**  
Catedrática de  
Lingüística xeral da USC

# Esencias permanentes

Hai unha grande parte de cousas na vida que son figuracións. Coma fantasías e soños de forte devezo. Mais conforme vai pasando o tempo, todos imos colidindo e estampándonos nas miraxes. Ilusións rotundas para o amor, para a amizade, para sermos libres, para vivir felices, que sen dúbida van peneirando as circunstancias e as persoas, e que nos dan de fronte en segundo que contextos. O que se vén chamando «relativizar» amorna e case que esvae aspiracións tan folgadas. Non é chegar á parálise escéptica nin á mirrada revirada, mais paseniño os degoros en máximos van sendo arelas algo definidas.

Nesa dinámica de irmos recompondo os fallos de conceptos excesivos, e das azacotadas ensoñacións, van emerxendo amodo esencias que nos dan perfil e identidade, sen sabelo con consciencia son enxertos nos que prendemos. Non é o que nos venderan ao por maior, senón o que nós mesmos imos xerando en pingas de vida de seu.

Está a esencia do rixo de nais que sementan e regan no nabal, e que tamén fan o xantar na casa. Que dan boa vida porque senten devagar e teñen curiosidade. Exemplos de verdadeira intelixencia adaptativa desde ben cedo. Avoas que quizais teñen distancia en tempo nas lecturas e nas conversas cos netos, mais que sempre atinan no relevo das súas reflexións. Que seguen comentando «Penso que non chega o viño» para pedir, de xeito mitigado e sen dicilo, que vaías á bodega. Mulleres do rural que non perden a forza interior de seren e que achan satisfacción no achegado.

Está a cerna da raizame veciñal de amizade afondada en anos de labores e necesidades compartidas de vendimas, podas, rozas, colleitas, enfermidades e continxencias. Ou en lerías cotiás de necesaria convivencia. Os veciños, da casa son. Abofé que as segundas nais e esoutros tíos e irmáns que son os do lado, marcan o sentidíño e o cimbrar nas costumes familiares vedadas ou impostas. As marxes para a afouteza e a liberdade son máis amplas na casa dos veciños, dan facilidades para transitar os carrouchos cheos de pedras na senda necesaria que se contén no dito «Matar ao pai». Cadaquén faise e individualízase sobre todo nas casas alleas.

Tamén fican os xeitos xenuínos de estar e de ter pousos no natural, de respecto e coidado polas contornas e polos produtos de preto. Coa certeza de que as fragas, os montes, as leiras, os ríos e o mar, nos fornecen con fiúza do preciso. No noso propio medio de país aldeán, ou como dirían os de fóra, de gañáns apoucados e indecisos, está o equilibrio ecolóxico e a confianza do saudable. A liberdade segura, que semella pequena mais que no tempo será cada vez máis grande, de sermos rurais e mariñeiros. Sen servidumes de globalizacións enganosas que priorizan

os abaneos urbanos e a comida procesada de multinacionais lixo, xa agora mesmo temos aquí sutos de meditación e sosego ben irmandados con xantares de produto fresco. Abonda con mirármonos de seu, sen tallar as árbores, sen prender lumes, e sen cegármonos polo que nos meten polos ollos. Chéganos co que temos.

Os firmes que dan as amizades con raiceiras, os libros e a música teñen tanto poder que con eles viaxamos aos sitios de sempre, e sen paso dos anos, como alimentos de memoria vital que compangan morriñas e proporcionan benestar. Poucas prácticas traen tanta seguridade emotiva como a que proporcionan os encontros, moitas veces excesivamente dilatados no tempo, con xente querida coa que hai conexión: semella que seguimos onde estabamos a última vez que nos vimos. A felicidade de sermos libres de sentir e pensar que transportan a música e as lecturas non admite parangón. escoitar *O entrelazado de Alariz* ou a panxoliña do *Nadal de Luintra* cambia faces e esperta lembranzas. Non hai poema

máis acaído que o «Spiritual» de Celso Emilio Ferreiro (*Longa noite de pedra*) para embebermónos de liberdade. Non sen razón o titularon os do grupo Aguaviva no '67 na súa canción en castelán como «Canción del hombre libre», e ás claras está nesa emocionante versión de Budiño-Tosar «Hoxe canto en libertá» (*Sotaque*, 2013).

**Nesa dinámica de irmos recompondo os fallos de conceptos excesivos, e das azacotadas ensoñacións, van emerxendo amodo esencias que nos dan perfil e identidade, sen sabelo con consciencia son enxertos nos que prendemos.**



Xacobeo 21-22  
Galicia



**Eva  
Castro Caridad**  
Catedrática de  
Filología Latina  
de la USC

# Desmontando mitos contemporáneos

Está volviendo a pasar. Estamos aceptando de maneira acrítica ideas extrañas a nuestra idiosincrasia. Sucedió ya en el siglo XIX, cuando la revolución cultural del mundo anglo-sajón y centroeuropeo promocionó nuevas legislaciones, como la Constitución Española de Cádiz de 1812. Fue una de las más liberales de su tiempo y, sin embargo, supuso un gran retroceso. Mientras al varón se le concedió el sufragio universal indirecto, la mujer quedó privada de él, lo que llevó implícito la pérdida de otros derechos. Esta deficiencia fue denunciada por Concepción Arenal en 1860. La posición subordinada de la mujer, que asumió la Pepa, no era propia del código jurídico hispano, sino del mundo anglo-sajón y centroeuropeo.

La situación jurídica de la mujer, sometida al varón, es propia del ámbito centroeuropeo y anglo-sajón, que se manifiesta en el derecho consuetudinario o *Common Law*. La mujer del mundo romanizado tuvo derechos idénticos al varón gracias al Derecho Común Romano. Indirectamente, esta diferencia se encuentra en el ensayo, *Brujas*, publicado en febrero de 2022, por Adela Muñoz Peláez. La autora señala que, en contra de la creencia popular, la Inquisición católica fue muy poco beligerante contra las brujas, porque los inquisidores consideraban que se trataba de supercherías de gentes ignorantes. La persecución sangrienta tuvo lugar a comienzos de la Edad Moderna en Centro Europa y Gran Bretaña tras la Reforma, donde la mujer tenía una consideración inferior a la del varón.

En regiones romanizadas, como Hispania y, sobre todo, *Gallaecia*, la posición jurídica de la mujer

era idéntica a la del varón. La diferencia era que ella no podía dedicarse a la política, aunque tenía el derecho a que su opinión se expusiera tanto públicamente como privadamente. Los herederos de este código legislativo fueron los visigodos, asentados en Hispania. Fueron ellos los que mantuvieron la aplicación del derecho común romano mediante el Fuero Juzgo visigodo. Este será la base del código legislativo de los Reyes Católicos y de su nieto Carlos I (aplicado también a los nuevos territorios de ultramar incorporados a la corona de Castilla).

La mujer podía heredar, disponer de su herencia, comprar, vender y comerciar sin necesidad de la autorización de un varón. Solo había una restricción: para disponer de los bienes gananciales tenía que llegar a un acuerdo con su esposo. Lo testimonian las actas notariales del s. IX, que revelan la actividad mercantil de Ilduara, la madre de san Rosendo, o las de los siglos XIV-XV, que demuestran la autonomía de las mujeres de las Tierras de Santiago para disponer de su patrimonio y dedicarse al comercio. Es más, en pleno Siglo de Oro, María Pita, tras enviudar de Gregorio Rocamonde, recibió en 1596 la concesión por parte del rey Felipe II de una pensión vitalicia, equivalente al sueldo de alférez, más cinco escudos mensuales y el permiso de

**La situación jurídica de la mujer, sometida al varón, es propia del ámbito centroeuropeo y anglo-sajón, que se manifiesta en el derecho consuetudinario. La mujer del mundo romanizado tuvo derechos idénticos al varón gracias al Derecho Común Romano.**

exportación de mulas entre España y Portugal.

Si los datos históricos no nos convencieran, están los datos estadísticos actuales sobre el emprendimiento femenino realizados por una gran experta, referente nacional en este campo, Isabel Neira Gómez: <http://gemgalicia.org/es/2022/01/presentacion-estudio-gem-galicia-empresariado-mujeres/#more-2134>. Es

La desigualdad, pues, de la mujer española frente al varón es una realidad extraña a nosotros, salvo en el parón del s. XIX y sus consecuencias. Sin embargo, se recuperó con la Constitución de 1978.

La igualdad fue una reivindicación de las mujeres socialistas estadounidenses, descendientes del mundo anglo-sajón y centroeuropeo, que después se extendió a Europa a partir de Dinamarca, como explica la ONU (<https://www.un.org/es/observances/womens-day>). Es lógico que en USA surgiera el movimiento *Me too*, debido al tradicional sometimiento femenino. Es lógico también que desde la Unión Europea (UE) se pida igualdad, porque la mujer siempre ha estado discriminada frente al varón en los países centroeuropeos con más peso político en la UE.

La discriminación positiva, promovida desde hace años, para que la mujer ocupe puestos de relevancia es una fórmula injusta. Es una estafa, un negocio para los chiringuitos subvencionados y un medio de prosperar para mujeres incapaces que no representan a la mujer española.



Xacobeo 21-22  
Galicia



**Blanca-Ana  
Roig Rechou**  
Profesora-  
investigadora "Ad  
Honorem"

# O azul de Portosín no Xacobeo 21-22

Non renacer das rutas antigas a Compostela, recuperouse O camiño da ría de Muros e Noia, unha ruta da costa oeste galega que comeza en Muros para logo pasar por Esteiro, Cruceiro de Roo, Serra de Outes, Porto do Son, Portosín, Noia, San Xusto, Urdilde, Alqueidón, Bertamiráns e remata, como todas as rutas na gran Sé de Santiago de Compostela. Un percorrido que permite gozar das beleza da fauna e flora da Ría e tamén das terras interiores que levan aos peregrinos á fin do percorrido.

Son dez etapas nas que se poden ollar xoias arquitectónicas que albergan os diferentes lugares por los que discorre este camiño: capelas, cruzeiros, monumentos megalíticos, ermidas... e gozar dunha gastronomía natural que non precisa grandes condimentos, sabe por ela mesma, axudada tan só por dous elementos: o lume e a auga doce e salgada.

Portosín, porto pertencente ao Concello de Porto do Son, está nesa ruta Terrestre e Marítima. Ten unha poboación de pouco máis de seiscentos habitantes, que se cuadruplica nos veráns debido a que conta cun fermoso areal constituído polas praias da Aguieira, o Pozo, o Castro, Coira e Entrepuntas, por unha banda; a Gafa e a Ornanda pola outra.

Todas teñen como centro o recinto portuario, cun paseo marítimo chan que comeza no Faro de Lolita, como o denominou, neste xornal, Anxo Tarrío a partir duns graffitis, ata o faro da Escollera do Real Club Náutico, cuxo porto deportivo foi elixido para recibir os peregrinos. Desde calquera dos espazos

poden contemplarse as cores variadas do mar, con predominio do azul e do verde, azul como as variedades dos peixes que captura a flota pesqueira, hoxe con denominación de orixe "Azul de Portosín", e verde lembrando aqueles ollos do famoso peregrino Gaiferos de Mormaltán.

As moles graníticas que acubillan a baía son: Montelouro, que nos indica a saída da Ría cara a mar aberto e Punta Batuda, que marca o límite con outro tramo do Camiño, Noia; a illa da Creba no centro marítimo; a serra do Barbanza e o seu imponente monte Iroite cara ao interior cunha aba chea de lugares e aldeas ricas en produtos da terra.

Entre as construcións a visitar ou contemplar, son exemplos a Igrexa parroquial: San Sadurniño de Goiáns, que acolle parte da historia máis remota da agora vila; a capela das Pardiñas, coa Virxe dos desamparados, datada en 1848, co seu cruceiro ao pé; o cruceiro do Campanario (ou da Carretera) que inicia o camiño cara á pequena torre da Campá que marcou e marca a vida da veciñanza avisando de festividades, pero tamén de traxedias marítimas e terrestres; a capela de San Quietán co Santo que foi quen de soportar nos seus brazos orantes as gravatas dos que tiveron que

partir a combater na Guerra Civil do 36 e que non todas foron recuperadas; muíños, fervezas, rompentos, rochas, un sen fin de recunchos a descubrir e tamén casas que recordan a tradición das factorías de salgada.

Todo o amentado, xunto a actividades tradicionais, artes de pesca, tipos de embarcacións, recoñecemento e denominacións dos peixes que se capturan, e, mesmo, degustación dun bo menú mariñeiro con produtos da terra e o mar, foron os obxectivos do Feirón Mariñeiro que, como remate deste curso escolar, o alumnado do CEIP de Portosín, guiado polos membros do seu claustro, expuxeron e explicaron aos visitantes. Un excelente proxecto docente co que os nenos e nenas de Portosín entraron en contacto coa súa contorna para saber quen son e de onde veñen, unha ensinanzas que recorda o labor de concienciación dos homes e mulleres da Xeración Nós.

Eu, que nacín en Portosín, aínda que agora comparto morada con Compostela, pídlle ao Apóstolo, no seu día Grande e desde as páxinas deste diario que sempre o honrou, que axude a que o meu berce vital imprescindibile siga a medrar, pero con xeitiño, que ilumine aos gobernantes e os dote de miradas sensibles para que saiban recuperar e gozar das construcións máis emblemáticas que, por sorte se manteñen, e que eviten a instalación do urfeísmo (urbanismo feo) a favor dunha estética acorde cos tempos e a memoria.

**Eu, que nacín en Portosín, pídlle ao Apóstolo, no seu día Grande e desde as páxinas deste diario, que axude a que o meu berce vital imprescindibile siga a medrar, pero con xeitiño, que ilumine aos gobernantes e os dote de miradas sensibles.**



Xacobeo 21-22  
Galicia



**Marisa  
Castro Cerceda**  
Investigadora en  
Micoloxía e divulgadora  
científica

# Un Ano Santo que dura dous anos

Ata a década dos 80 non existía o Xacobeo, era simplemente o Ano Santo Compostelá e duraba iso, un ano, pero neste momento tan atípico pasou a ser un ano de 24 meses. Este ano tamén foi en acontecementos un ano dobre, por un lado a pandemia da COVID-19 que tanto dura e, por outro, a pandemia das guerras, que tamén dura demasiado e que este ano se fixo máis visible porque abriu vellas feridas ás portas de Europa. Está máis perto da casa e os países «amigos» máis directamente implicados. Todos pensabamos que o «telón de aceiro» se derretera e de repente, a punto de acabarse o primeiro cuarto do século XXI, volveu a solidificar.

É evidente que todas as guerras non son iguais aos ollos das persoas. Isto traeme á memoria unha viñeta que vin este ano e me impresionou moito: dous nenos do Iemen, un deles ten posta unha máscara, polo que o outro preguntalle: «e ti para que pos unha máscara de europeo?», ao que lle responde o mascarado: «é para ver se pensan que son ucraíno e así se fixan en nós e se dan conta do que estamos pasando».

En calquera caso, son loitas desiguais entre a humanidade e os elementos, como diría Felipe II ao perder a «Armada Invencible». Unhas por culpa de non se sabe que microorganismo/s e outras, tamén polo ismo, pero neste caso egoísmo, acompañado de megalomanía, ambición, ansias de poder a calquera custo dalgúns seres humanos. Uns moi visibilizados e outros semiocultos por unha patina de democracia e liberdade. Demasiado parecidos para diferenciarlos!

Aínda ben, que no medio atópase a paz, a tran-

quilidade, o percorrer, cun mesmo ou cos amigos, o longo Camiño Xacobeo que, a semellanza da vida, ten costas abaixo e costas arriba.

Unha peregrinación, por chamarlle dalgunha maneira, curiosa. A outros santuarios van persoas crentes, relixiosas, e moitas veces rodeadas dun misticismo sacrílego, mentres que a Compostela vai xente de todo tipo, que busca a paz, a tranquilidade, o coñecer outras persoas, admirar as paisaxes. Da o mesmo que no Obradoiro se atopan cos restos do Apóstolo Santiago ou cos de Prisciliano de Ávila. O importante é superarse a si mesmo. É cansarse fisicamente, pero cheo de enerxía vital para soportar a dura vida que se aveciña.

Todos ouvimos falar de Prisciliano, pero quen foi ese señor e porque as súas actuacións se intentaron ignorar e cubrir por parte da igrexa?

Ao parecer naceu a mediados do século IV (ano 340) no N.O. da Península Ibérica, pero non se sabe con certeza onde. Pénsase que era fillo dunha familia nobre, o que lle permitiu formarse noutras rexións do Imperio, antes de retornar a Gallaecia convertido ao cristianismo.

Era un líder que participaba en reunións relixiosas singulares, nas que ensinaba a interpretar os textos cristiáns, tanto a homes como mulleres (eses se-

res ignorados por todos os gobernantes), predicaba contra a unión da Igrexa e o Estado e contra a corrupción e o enriquecemento das xerarquías. Díxoa o que pensaba e iso, en palabras Platón, non gustaba aos privilexiados.

Era partidario dunha vida austera e do contacto íntimo coa natureza, polo que tiña centenas, millares de seguidores entre a poboación empobrecida polos impostos. Había que eliminalo, era perigoso para os poderosos!

Ingenuamente intentou pedir axuda ao Papa Dámaso I, pero non deu chegado. En Tréveris (Alemaña) o emperador Máximo detivo e acusouno de practicar bruxería e rituais máxicos, como danzas nocturnas, usar enteóxenos e herbas abortivas, así como de usar a astroloxía cabalística. Mediante tortura obtivo a súa confesión. Foi condenado a morte (ano 385) e, para que os priscilianistas non interferiran, celebrou un xuízo rápido. Foi decapitado antes de que ninguén puidera reaccionar e só tres anos despois os discípulos puideron exhumar os seus restos para enterralos na Gallaecia. Onde? É un misterio.

Dous séculos despois, o anacoreta Pelagio, descubriu os restos do Apóstolo, que tamén tiña sido decapitado e, segundo a tradición, traído a enterrar a Galicia polos seus discípulos nunha «barca de pedra». Curiosa coincidencia: decapitación e Galicia; pero, ao igual que na vida, o importante non é o final, é o camiño, como e con quen se faga.

**A outros santuarios van persoas crentes, relixiosas, e moitas veces rodeadas dun misticismo sacrílego, mentres que a Compostela vai xente de todo tipo, que busca a paz, a tranquilidade, o coñecer outras persoas, admirar as paisaxes.**



Xacobeo 21-22  
Galicia

# Mulleres que contan o Camiño: Georgina Goddar King (1871-1939)



Mar  
Linares García  
Profesora titular de  
Prehistoria da USC

N o ano 1920, a *Hispanic Society of America*, con sede en New York, publica por primeira vez *The Way of Saint James*, a obra cume de Georgina Goddard King, historiadora da arte, profesora no Bryn Mawr College en Pennsylvania, que ata mediados dos anos 20 do século pasado foi a única universidade feminina independente que ofrecía un doutoramento en historia da arte. A obra coñeceu varias reimpresións, e actualmente está en proceso de estudio e tradución por un equipo liderado polo profesor M. Tain. A *Hispanic Society of America* financiou as viaxes a España da profesora King, acompañada habitualmente por Edith H. Lowber, fotógrafa que documentaría as súas publicacións.

Se lemos calquera das biografías de Georgina Goddard King, casi a primeira palabra que aparece é “pioneira”: dos estudos hispánicos nos EE. UU., do estudo da arte medieval peninsular, mesmo do estudo da historia da arte medieval en Galicia. Algunha das súas biógrafas mesmo chega a imaxinala como una especie de Indiana Jones feminina, cando escoita a descripción que fan dela na materia sobre románico español que está a cursar.

Esta obra, co obxectivo declarado de describir a arte do Camiño, especialmente a arte románica, de documentar a peregrinación a Santiago, e de facer una aproximación á historia comparada das relixións, establecendo o carácter do Apóstol como herdeiro de antigos cultos, está igualmente inscrita dentro da tradición de libros de viaxes. A imaxe de España predominante era a da “len-

da negra”, a Inquisición, a superstición. A partires de mediados do século XVIII produciuse un cambio que podemos considerar favorable, e o país adquire un aire de terra ignota, admírase a súa resistencia fronte a Napoleón e se converte nun país romántico e pintoresco.

A profesora King amaba a aventura e as viaxes, co que enlazaba coa tradición das mulleres viaxeiras dos séculos XVIII e XIX. Isto explica en parte a súa atracción pola arte medieval española, que na súa época estaba case inexplorada. Pero tamén pola cultura española en xeral, coa tradución por exemplo de coplas na súa obra póstuma *Heart of Spain*, publicada en 1941.

Ela mesma, no prólogo de *The Way of Saint James*, indica o seu interese polo “raro e extraño”. Viaxar por España (e por Galicia) permítelle a King enlazar o presente e o pasado, o histórico e o lendario, e presentar un relato onde se entrecen as súas experiencias persoais coa erudición académica máis rigorosa.

Esta maneira de presentar o seu traballo, con observacións persoais intercaladas, escritas nunha prosa emotiva, en parte costoulle que non fora considerado totalmente adecuado desde un punto de

vista académico, pois non acababa de encaixar coas convencións do seu tempo. Quizáis este xeito de escribir tiña que ver coa súa propia educación, moi diversa e con intereses múltiples, e coa súa propia personalidade. As súas biógrafas a presentan como alguén moi consciente de si mesma, intolerante diante da mediocridade e a “xente aburrída”, e orgullosa de que a súa actividade se desenvolvese nun campo tradicionalmente masculino: repetía con frecuencia ás súas estudantes que ela fixera todo o coñecido polo home.

A profesora King non era una descoñecida na Galicia do seu tempo. Mantivo amizade con Ángel del Castillo e Francisco Javier Sánchez Cantón, coñece e cita a obra de M. Murguía, de Emilia Pardo Bazán e de Rosalía de Castro (a pesar de que recoñece que non entende o galego), e en novembro de 1925 Eladio Rodríguez González, Félix Estrada Catoira e David Fernández Diéguez a propuxeron como membro correspondente da Real Academia Galega, diploma que recolleu persoalmente en 1926 nun acto celebrado na Coruña.

O nome de Georgina Goddard King, sin embargo, foi desaparecendo progresivamente, tanto dos estudos xacobeos como nos adicados á arte medieval en Galicia.

Esperemos que esta iniciativa en curso sirva para colocala no sitio que ocupou no seu tempo e que sin duda merece.

As súas biógrafas a presentan como alguén moi consciente de si mesma, intolerante diante da mediocridade e a “xente aburrída”, e orgullosa de que a súa actividade se desenvolvese nun campo tradicionalmente masculino.



Xacobeo 21-22  
Galicia



Rosana  
Rodríguez López  
Profesora titular de  
Análise Matemática  
na USC

# Agasallos de Compostela

En verbas da estadounidense Alice Morse Earle, “o día de onte é historia, o de mañá é un misterio e o de hoxe é un agasallo, por iso se chama presente”. Sobre agasallos versan precisamente estas liñas, en particular, sobre a capacidade que, baixo a atenta ollada do Apóstolo, tivo, ten e terá a nosa cidade para obsequiar de xeito inesquecible a todos os que a visitan ou nela habitan, estudan ou traballan. Compostela é historia viva, presente apaixonante e futuro intrigante por descubrir.

Ás innumerables xoias arquitectónicas da urbe, que converten cada un dos seus recunchos en pracer para os sentidos, xerando paz, sensación de permanencia, inmutabilidade e atemporalidade, únense moitos outros elementos que aportan movemento, cambio e actualidade.

Sexa cal sexa a motivación, camiñar para reafirmar ou fortalecer a fe, viaxar ao noso interior máis profundo ou mesmo satisfacer as nosas inquedanzas científicas, académicas ou laborais, a busca persoal atopa sempre resposta en Compostela.

En moitas ocasións, esta resposta supera as expectativas que tiñamos antes de emprender a marcha, facendo que o esforzo do camiño teña pagado a pena. Sen importar a pendente da vía percorrida, as caídas durante a viaxe, ou o cansazo acumulado, sabemos que o agasallo está agardando xusto detrás do outeiro que xa se albisca.

Moitos dos que somos composteláns de adopción chegamos á cidade para iniciar os nosos es-

tudos universitarios. Eran aqueles momentos cheos de incerteza pero tamén de ilusión e o primeiro regalo de Compostela foi cumprir o noso desexo de ter acertado na que considerabamos a nosa vocación, que constituiría, non só a nosa ocupación laboral futura, xa presente, senón tamén a nosa máis querida afección.

Os estudantes composteláns reciben, ao longo da súa etapa de formación, agasallos como a satisfacción producida polas boas novas, a capacidade para superarse a si mesmos, a actitude positiva ante as dificultades e o beneficio do esforzo e, en pouco tempo, ven materializada a súa vocación académica.

Tamén, ao igual que todos os composteláns, gozan do obsequio que supón a enorme oferta cultural e social da cidade, chegando ao seu máximo expoñente hoxe 25 de xullo, o día grande de Santiago.

Para os que a peregrinación foi máis alá da etapa estudantil e tivemos a oportunidade de seguir coñecendo o mundo universitario como docentes, continuamos a recibir o presente da aprendizaxe continua, inspirándonos na sabedoría e bo facer de mentores, compañeiros, discípulos e estudantes.

Os estudantes composteláns reciben, ao longo da súa etapa de formación, agasallos como a satisfacción producida polas boas novas, a capacidade para superarse a si mesmos, a actitude positiva ante as dificultades e o beneficio do esforzo.

Na sucesión de Anos Santos Composteláns, o actual é, sen dúbida, unha dádiva excepcional, complementando a fórmula de recorrencia que supón unha cadencia habitual de seis, cinco, seis e once anos, agás as modificacións debidas á definición de ano bisesto (divisible por catro, excepto que sexa múltiplo de cen, caso no que se exige que sexa tamén múltiplo de catrocentos).

Nesta sucesión, se tomamos como instante inicial o ano 1182, deixo para o lector a comprobación de que estaríamos xa arredor do termo once ao cadrado! Seguindo con este tipo de números, un cálculo inmediato permite tamén computar os doce ao cadrado anos cumpridos por **El Correo Gallego** dende a súa fundación en 1878.

Falando de regalos, quero rematar coas verbas do Padre Balta, quen, con moito acerto, sempre nos di que “*hai que ser agasallo*”. El dá continuo exemplo deste lema con palabras e con obras. Foi todo un regalo que a Divina Providencia o conducise a Santiago hai xa once anos e, agora que o seu camiño se dirixe a terras

aragonesas, non podemos evitar sentirmos como nenos a quen lles din que deben ceder o seu agasallo xusto cando o acaban de recibir.

Desexámoslle todo o mellor para esta nova etapa e que todos os camiños o conduzan... a Compostela.



Xacobeo 21-22  
Galicia



**María Cadaval Sampedro**  
Profesora na USC  
e codirectora da  
Axenda Urbana 2030  
de Santiago de  
Compostela

# Compostela ten axenda

Hai apenas un mes presentouse no seo das Nacións Unidas o segundo Informe sobre os avances na implantación da Nova Axenda Urbana, co fin de revisar o progreso na súa execución tras seis anos da última Conferencia do Hábitat III celebrada en Quito. Un repaso aos catro piares básicos que promove: combater as desigualdades e tratar de poñer fin á pobreza, desenvolver economías urbanas sostibles, reducir a contaminación e promover enfoques de planificación urbana participativos. Catro eixos que deben engraxarse tras o peor momento en moitas décadas para afrontar estes desafíos substantivos, despois da pandemia da covid-19, que non só puxo de releve as desigualdades existentes, a conexión intrínseca entre o urbano e o rural, senón que tamén creou novas necesidades que deixan tras de si grandes desigualdades.

Abdulla Shahid, presidente da Asemblea Xeral das Nacións Unidas, non debuxou un futuro optimista no seu discurso que comezaba así “a urbanización sostible está relacionada co logro de todos os obxectivos de desenvolvemento sustentable, mais tan só uns poucos países poden dicir que contan coa gobernanza e as políticas necesarias para planificar a urbe de xeito inclusivo, desenvolver as capacidades e acceso á tecnoloxía, así coma o financiamento necesario para garantir un proceso de urbanización sustentable”.

Os datos non son, en efecto, alentadores, mais cómpre destacar o compromiso de Santiago de

Compostela coa Axenda Urbana 2030. Débese pensar na Compostela do futuro mais inmediato ao grande, con orgullo, unha cidade que pode resultar chave para abordar a emerxencia climática que xa ninguén cuestiona, con capacidade de integración das persoas e coas ferramentas necesarias para facer fronte aos desafíos globais apoiada nas súas fortalezas, que pivotan arredor dunha universidade cinco veces centenaria e punteira, co seu capital humano, a cultura, a arte, o patrimonio material e inmaterial as súas institucións e, sobre todo, a cidadanía. Unha cidade que está viva e que ten ganas e motivación para liderar este proceso.

Dende o mes de marzo centos de persoas están a traballar na elaboración das propostas que conformarán unha verdadeira Constitución Urbana para Compostela. Persoas que acudiron á chamada dos directores executivos da Axenda Urbana 2030 de Santiago de Compostela, María Cadaval e Santiago Lago, que participaron durante moitas tardes e investiron moitas horas do seu tempo na análise, discusión e elaboración deses vectores que van a configurar as liñas estratégicas da acción local para os vindeiros anos. Representantes de todos os grupos políticos municipais,

de sindicatos, da USC, de institucións, de empresas, de asociacións, de colectivos, e da cidadanía en xeral traballaron cóbado con cóbado para apuntar as accións que farán unha Compostela mais xusta, amigable e inclusiva, que aposta polo crecemento económico sustentable e que pon ás persoas e ao medio no centro. Mais a participación non se quedou só nas mesas de traballo. Varios procesos participativos foron abertos a través das iniciativas que recolleron as achegas da rapazada, da xente que acode aos centros socio-culturais da cidade, dos mozos e mozas, amais das aportacións que a cidadanía fixo chegar a través dos formularios habilitados para o efecto na páxina [www.axendaurbana2030santiago.gal](http://www.axendaurbana2030santiago.gal). Con todos estes ingredientes en apenas uns días pecharase este proceso que foi exemplar, que amosou a xenerosidade e as ganas que a xente de Compostela ten de formar parte do proxecto común de cidade que habita e que os distintos equipos de goberno que se sucedan teñen o encargo de conformar de aquí a

2030. Só unha frase resume o sentimento que agroma en todas as persoas que quixeron ser parte desta Axenda Urbana 2030 de Santiago de Compostela: sentir o orgullo de pertencer, de construír e de ser parte dunha Compostela mellor e mais xusta, unha cidade con pulso, con impulso e líder nos desafíos que ten por diante. O primeiro reto está superado con éxito. Grazas!

**Débese pensar na Compostela do futuro mais inmediato ao grande, apoiada nas súas fortalezas, que pivotan arredor dunha universidade punteira, co seu capital humano, a cultura, a arte, o patrimonio, as súas institucións e, sobre todo, a cidadanía.**



Xacobeo 21-22  
Galicia



**Cristina Ares Castro-Conde**  
Profesora de Estudos  
da Unión Europea e  
Política Comparada da  
USC

# Administracións territoriais para a próxima xeración

A persoa autora do Eclesiastés escribiu, entre moitas reflexións intelixentes e fermosas, que “todo ten a súa hora, e hai un tempo fixado para cada asunto baixo os ceos”. Este Ano Santo Compostelán 2021-2022 podería ser tamén tempo de avanzar na actualización da organización e funcionamento das Administracións públicas.

Moitas das dificultades para a execución do instrumento temporal Next Generation Europe (NGEU), posto en marcha dende as institucións da Unión a fin de axilizar a recuperación da pandemia, débense á falta de adaptación das Administracións aos desafíos do século XXI, onde as tarefas rutinarias que, noutro tempo, xustificaron o nacemento das burocracias perden relevancia en favor de iniciativas vencelladas á xestión da contorna e do cambio que posibiliten a execución satisfactoria de plans e programas, incluídos os financeiros.

O Mecanismo de Recuperación e Resiliencia é o instrumento que traslada o grosso dos sobre 800.000 millóns de euros a prezos correntes do NGEU, logrados pola Comisión Europea a través da emisión de bonos en nome da Unión. Se executa a través de instrumentos de planificación elaborados polos países, tendo en conta as recomendacións específicas recibidas no Semestre Europeo. Os pagos, como é sabido, dependen do cumprimento de fitos e obxectivos.

Os fondos do NGEU foron deseñados dende a Unión para apoiar reformas que impulsen seis obxectivos estratégicos: a transición ecolóxica, a transformación dixital, o crecemento intelixente, sostible e inclusivo; a cohesión social e territorial; a resiliencia sanitaria, económica, social e institucional; e políticas para a próxima xeración. Son (moitos) cartos (extra) destinados a impulsar as ambi-

cións políticas da UE no ciclo institucional aberto tras as eleccións ao Parlamento de 2019; adaptadas á pandemia e, trala proposta da Comisión REPowerEU, de 18 de maio de 2022, á guerra en Ucraína.

Non hai desvíos na rota aberta pola Unión para esta viaxe; unicamente son novidade as cantidades a inverter por parte das Administracións de Estados coma España, que ten asignados máis de 140.000 millóns de euros, en transferencias e créditos do NGEU, a maiores dos recursos que recibe anualmente do marco financeiro 2021-2027.

Así, dá a cara un vello problema consistente na falla de preparación de moitas Administracións territoriais para absorber a choiva europea de millóns e colleitar froitos.

Porén, a historia do sistema político europeo está chea de exemplos de decisións de políticas da UE que teñen estimulado reformas administrativas nos Estados. Por certo, con Portugal como exemplo de éxito no desenvolvemento de habilidades para a execución de fondos e outras relevantes no camiño da actualización das súas Administracións.

Empregando o compás e sen pausas, que seguramente non nos podemos permitir neste tempo de crises consecutivas, nalgúns territorios, cómpre abrir novos camiños que nos leven a organizacións públicas máis especializadas, con expertos en planificación e avaliación de políticas, e competencias pa-

ra a creación e análise de datos sobre execución; ademais de traballo en rede da alta dirección en relación cos obxectivos transversais, que mellore a coordinación entre departamentos.

É preciso fortalecer múltiples destrezas a fin de contar, en todo momento, con reservas de proxectos executables de forma inmediata; asesoramento sobre políticas competitivo; instrumentos de rendición de contas administrativa; puntos de acceso único na execución; seguimento técnico das capacidades das persoas beneficiarias, e iniciativas de desenvolvemento de habilidades adaptadas ás insuficiencias detectadas en cada sector; entre outros exemplos de realidades que permiten ás Administracións inverter con éxito sen desviarse das mellores rotas; xerando, confianza e complicidades cos beneficiarios, os contratistas, outras Administracións públicas, a Comisión Europea, a cidadanía, e outros actores relevantes para poder acadar os obxectivos coas políticas.

Volvendo ao libro mencionado ao comezo destas liñas, tan xeneroso en consellos para andar e abrir camiños con xeito, no medio das incertezas da vida, lemos: “Que proveito pode acadar quen se esforza no seu traballo? Decateime da tarefa que Deus lles deu ós homes para nela se ocuparen. Todo o fixo axeitado no seu tempo, e púxolles na conciencia o senso do inconmensurable” (Eclesiastés, 3: 9-12).

Sexan tan felices como responsables no Día Grande de Galicia coma no resto deste tempo de acollida e grazas.

**Moitas das dificultades para a execución do Next Generation Europe (NGEU), posto en marcha dende a Unión a fin de axilizar a recuperación da pandemia, débense á falta de adaptación das Administracións aos desafíos do século XXI.**



Xacobeo 21-22  
Galicia



Margarita  
Estévez-Saá  
Profesora titular  
de la USC

# 1922 - 2022: Europa, Camino y crisis

Celebramos el día grande de Galicia y de España, y honramos a Santiago Apóstol, patrono de nuestra Comunidad y de nuestra Nación. Es tradicional hacerle una ofrenda en agradecimiento por los favores concedidos, y pedirle que siga velando por Galicia y por España. Se trata de un momento especialmente oportuno dados los tiempos críticos que corren.

La pandemia nos enseñó que el ser humano carece de la inmunidad que se le presupone, y que dependemos los unos de los otros en todos los ámbitos de la vida. Se resintió la economía y, cuando ésta empezaba a recuperarse, nos azotaron las consecuencias de la guerra provocada por la invasión rusa de Ucrania. El anunciado cambio climático se evidencia en las olas de calor sin precedentes que estamos padeciendo, que afectan también a nuestra salud, a la economía y al medioambiente.

Europa adquirió un protagonismo sin precedentes, como se comprobó en la respuesta conjunta a la pandemia, en la necesidad de planificar unidos la recuperación económica, e incluso a la hora de enfrentarse o paliar las consecuencias de las amenazas bélicas y medioambientales.

El Camino de Santiago ha sido históricamente símbolo de puente de unión entre pueblos y naciones. También puede representar una búsqueda, o el intento de superación de una crisis bien sea individual o colectiva. Porque toda crisis puede verse como una experiencia traumática, pero también como una oportunidad para empezar de nuevo.

Precisamente, este año celebramos el centenario de otro año crítico en la historia de Europa: 1922. En el mundo de las humanidades y de las letras, conmemoramos la publicación de hitos de la literatura europea y universal, destacando el famosísimo poema de T. S. Eliot *“La tierra baldía”*, *“La habitación de Jacob”* de Virginia Woolf, y *“Ulises”*, la influyente novela del escritor irlandés James Joyce. Se trata de obras que pueden interpretarse como una reacción a las crisis sociales, económicas y de valores, a la devastación que sufrió Europa tras la Primera Guerra Mundial, y a los conflictos y la incertidumbre que afectó a conceptos como ‘individuo’, ‘historia’, o ‘nación’.

T. S. Eliot, Virginia Woolf y James Joyce diagnosticaron y representaron en sus textos la fragmentación, la desolación, el vacío y el caos del momento histórico que les tocó vivir; pero también apuntaron la posibilidad de superar las crisis que sus naciones y Europa estaban sufriendo. La lectura de estos hitos de la literatura universal puede ofrecernos una experiencia mental semejante a la vivencia física del Camino que emprenden muchos peregrinos por nuestras tierras: un tiempo para reflexionar sobre

las crisis que estamos padeciendo, e identificar, como hicieron los escritores, los males que asolan a nuestra sociedad.

Pero también nos ofrecen la posibilidad de reorganizar nuestras vidas, y repensar nuestras costumbres. Hasta nos brindan la oportunidad de renacer, renovarnos y retomar las riendas de nuestra propia existencia. Especialmente significativo resulta el atisbo de esperanza y la posibilidad de regeneración que Woolf, Joyce y Eliot incluyeron en sus obras. Los

dos primeros lo lograron a través del pensamiento de voces femeninas. Y T. S. Eliot lo consiguió incluso atendiendo a la filosofía oriental. Todos ellos proponen a sus lectores la necesidad de escuchar al otro, a esos otros y otras tradicionalmente silenciados e ignorados, dándoles voz, e incluso la capacidad de verbalizar la posibilidad de superación y renovación.

Si el Camino de Santiago es símbolo de hospitalidad, por acoger con los brazos abiertos a peregrinos de Norte a Sur y de Este a Oeste, sin distinciones y sin exclusiones, Virginia Woolf, James Joyce y T. S. Eliot se convirtieron en genios de la literatura universal al proponer en sus grandes obras la superación de crisis individuales y colectivas a través de una ética que favorece el reconocimiento, el respeto, la compasión, y la inclusión de los otros y las otras como parte esencial de la solución de conflictos y crisis.

**Europa adquirió un protagonismo sin precedentes en la respuesta conjunta a la pandemia, en la necesidad de planificar la recuperación económica, e incluso a la hora de enfrentarse o paliar las consecuencias de las amenazas bélicas y medioambientales.**



Xacobeo 21-22  
Galicia



Consuelo  
Ferreiro Regueiro  
Profesora titular da USC.  
Maxistrada suplente  
do TSXG

## O Camiño ou a perseveranza do civismo

Ultreia!!! Dixo un peregrino que viña desde Bolonia cara Santiago de Compostela. Tivo a ventura de que a pena de cárcere a que o condenaran resultou conmutada por facer o Camiño.

- Et suseia! Respondeulle o home que descansaba diante da igrexa de Santa María do Cebreiro.

Falaban así no século XIV. Falaban así porque as linguas maternas de cada un deles eran diferentes. E, sendo uns perfectos descoñecidos, necesitaban transmitirse ánimo e xúbilo e se empapaban do rito do Camiño. Sabémolo porque o Códice Calixtino é unha boa testemuña. Nun apéndice musical figura o canto “Dum pater familias” ou “Dos peregrinos flamencos”. “Ultreia et suseia, Deus adjuva nos” di ese canto, o que podería significar “axúdanos señor a ir sempre máis lonxe e máis alto”.

Cando resucitou o Camiño, tras tempo agochado, case imperceptible, xa no século XX, escoitáronse de novo: ultreia... et suseia. Pero eses conceptos mudaran, eran máis prosaicos. Viñan a dicir “sigue adiante” (ultreia) e “máis aló” (suseia).

Moita razón tiñan Golpes Bajos cando entoaban “malos tempos para la lírica”. Ben certo que o son e, por iso, e por outras cousas, estase a perder o saúdo “ultreia”. Ou a ter outra acepción. Vexan, lendo anécdotas dos hospedeiros do Camiño, atopei unha hilarante. Estámpalle o hospedeiro a un grupo de peregrinos: “Ultreia”, e escoita dun deles: “Non nos insulte, que eu díxenlle bo día”.

Tranquilo: non imos ser tan esixentes. Non é práctico e non é telemático a verba “ultreia”. Mais cabería un pequeno esforzo porque estamos cheos de contradicións. Contraditorio é non coñecerla e empregar unha linguaxe rococó, unha sobre actuación, coa vontade de amosar o coñecemento: “María é a miña amiga, a cal...”, ou “é por iso que...”. Ou lucir

con arrogancia a ignorancia: acaso non coñecen a algún experto en todas as ramas do saber grazas a enciclopedia electrónica?

